

II CERTAME DE
RELATO CURTO

LIMIAR

Que saia das nais e pais esta idea de animar a escribir os seus fillos, e que, ademais, que estes o fagan na nosa lingua, e que xunto a eles tamén participen nais e pais coas súas propias creacións. Posibilitarlles aos mestres un eido creativo máis, pero tan senlleiro coma este, para animaren á creatividade os seus alumnos. Concederlles ós alumnos a posibilidade de escribir, de tomaren a palabra, e de que as súas obras sexan publicadas, con todo o significado que adquire que as palabras, as ideas e a imaxinación dos autores poidan contemplarse impresas nun libro, ese obxecto máxico da cultura, da civilización gutenberiana, en cuxa galaxia nacen cada día novos libros, estrelas dunha constelación cultural global que podemos ler grazas ao esforzo que conleva esa aventura solitaria que para o escritor é escribir.

Ningunha idea mellor se me ocorrería para facer aniñar nos nosos rapaces o amor pola literatura, porque, acaso non é escribir unha sorte de lectura ao revés? Ler unha historia que urdimos ou levamos dentro nosa e que ao escribila literariamente convertémola en algo fermoso que compartir co lector? Tampouco se me ocorre mellor iniciativa ca esta para colaborar na normalización da nosa lingua no eido educativo ao implicar nais e pais, alumnas e alumnos, mestres e mestras na promoción do uso efectivo do noso feito diferencial máis significativo como pobo: esa creación milenaria que é a lingua galega. Habería literatura sen lingua? Acaso existiría Galicia, ou sería todo

o galego e os mesmos galegos percibidos no mundo do mesmo xeito que até agora o fomos, se non tivésemos unha lingua e unha literatura de noso?

A Federación de ANPA da Provincia de Pontevedra, e, polo seu apoio, tamén o Concello de Pontevedra e a Deputación Provincial de Pontevedra, poden estar orgullosos de que esta iniciativa, nesta segunda edición do concurso de relatos, siga aínda máis viva e a mellorar ao ser ampliada a participación a todas as Escolas e Institutos provinciais. Pero tamén por contar coa experiencia dunha editorial tan emblemática na nosa cultura actual coma Kalandraka, cuxo recoñecemento mundial das súas edicións debería facernos «pensar como galegos» que desde a periferia tamén se poden crear produtos culturais de primeira liña. Ou acaso non é a nosa cultura, o noso xeito de ver o mundo, un elemento máis a exportar e no que os nosos fillos poidan encontrar tamén o seu futuro como traballadores da creatividade? Aos que urdiron e aos que apoiaron esta iniciativa, e, en especial, a todas e a todos os que participaron coas súas creacións, só se me ocorre expresarvos os meus parabéns e agradecervos que contarades coa miña colaboración como membro do xurado. Pero, sobre todo, debemos felicitarnos todos por formarmos parte desta humilde pero significativa festa da nosa lingua e literatura, da nosa cultura, en definitiva, porque así tamén podemos nós escribir un anaquiño do seu futuro, e acaso tamén do porvir dos nosos fillos.

23 de Abril de 2014, Día do Libro

ADOLFO CAAMAÑO



II CERTAME DE RELATO CURTO · II CERTAME DE RELATO CURTO · II CERTAME DE RELATO CUI

CATEGORÍA DE
PRIMARIA



RIMARIA · PRIMARIA · PRIMARIA · PRIMARIA · PRI



GAÑADOR NA CATEGORÍA DE PRIMARIA

MIGUEL BOUZAS RODRÍGUEZ

2.º curso, CEIP Cabanas (Pontevedra)

UN DURO DÍA NO SALVAXE OESTE

Era unha vez un poboado do salvaxe oeste chamado Sacramento, onde vivían dous vaqueiros moi amigos, Michael e Andrew.

Unha tarde, mentres estaban a xogar ao póker co shériff William na comisaría, oíron un estoupido e un tremor forte bateu o chan. Unha frecha atravesou a fiestra e os tres saíron despedidos berrando:

–Os apaches, os apaches, que veñen os apaches!

Alguén máis berrou:

–Ostras..., a caixa...!

Aínda aparvados, Michael, Andrew e o shériff viron que non había ningún ataque, pero que todo estaba cabeza abaixo: os cabalos rinchaban dentro das dilixencias; o sétimo de cabalería ateigaba a tenda india; a caixa forte do banco apareceu no cárcere; as bailarinas do salón amoreábanse cos porquiños e mais coas ovellas e as galiñas no cortello; o reverendo rubía para saír dunha tumba do cemiterio; Touro Sentado rañaba o cu para quitar as espiñas dun cacto... e unha chea de pedras esmagaban un fato de foraxidos. O poboado non había por onde collelo! Mesmo o condutor da dilixencia da Wells-Fargo atravesara un tellado.

Os vaqueiros examinaron ata o último recuncho na procura do culpable da desorde. Dende onde estaban, observaron a cantina, o banco, a funeraria, o xulgado, a ferrería e mesmo todos os cuartos do hotel. Non había sinais inimigos.

De súpeto oíron un berro.

–Xurxooooo!!! Outra vez deixando os xoguetes revoltos? Xa tes a caixa dos vaqueiros estragada. Deixa a consola e recolle todo. Demo de nenooooo!!!

YASMINA AGUIÑO GONZÁLEZ

6.º curso, CEIP Valle-Inclán (O Grove)

UN SOÑO MARABILLOSO

Era unha vez unha nena chamada Laura, era loura, con ollos castaños e sempre levaba un colgante que lle regalara a súa avoa cando era moi pequena e que era moi importante para ela, pero o máis importante é que tiña moita imaxinación.

Un día tiña tanto sono que quedou durmida nunha cadeira de brazos. E cando espertou non estaba na cadeira, estaba enriba de algo que era brando e branco, era unha nube! Laura non o podía crer, estaba nunha nube!

De pronto algo lle tocou o ombro e cando deu a volta viu... unha lebre! Pero non era unha lebre corrente, esta lebre era completamente branca e levaba un vestido vermello con puntiños brancos e unha rosa no pelo. Laura preguntoulle un pouco asustada:

–Quen es?

–Eu son Sara, a raíña das lebres saltaricas. E ti quen es?

–Eu son Laura.

–Ola, Laura. Queres que che ensine a miña vila?

–Si, si, si, pero como se chama?

–Chámase o reino das lebres saltaricas.

Tardaron media hora en chegar pero, cando chegaron, Laura deuse conta de que a viaxe pagara a pena cando viu o reino. Nel todo estaba feito de nube!

Laura foi ao palacio de Sara, tomou unha taza de té e xogou á petanca no xigantesco xardín. Despois de xogar todo o día, Sara díxolle a Laura que podía quedar nun dos cuartos que estaban baleiros.

O cuarto tiña unha cama de nube moi cómoda. Nada máis deitarse quedou durmida, e, cando espertou, estaba outra vez na cadeira de brazos da súa casa.

MARTA ALONSO MONTOTO

4.º curso, CEIP de Ponte Sampaio (Pontevedra)

O PODER DUN ESPELLO

Había unha vez unha lagarta que vivía nun muro de rochas, que se divertía moito cando era primavera e verán.

Nun día de verán, estaba na súa rocha tomando o sol, e divertíase vendo os nenos correndo e xogando. Entón, viu un neno cunha cousa de metal rectangular co símbolo dunha mazá (era unha tablet). Nela había uns seres iguais ca ela, pero máis grandes, dentro do metal rectangular (era unha película de dinosauros).

Logo foi correndo a xunto dos seus pais e díxolles:

–Mamá, papá, vin nun aparello metálico e rectangular uns seres coma nós pero máis grandes. Eu podo ser tan grande coma eles?

Logo dixo a nai:

–Filla, ti non podes ser un dinosauro, ti es unha lagarta feita e dereita, e xa está.

A lagarta estaba triste, pero moi moi triste.

Uns días despois, nun día solleiro, estaba paseando nun prado, viu unha luz e foi ata ela. Era un cristal enorme (era un espello de aumento), asomouse a el e ela era un dinosauro, era enorme.

Ela foi correndo para a casa e díxolle aos seus pais:

–Mamá, que me deches de comer, que me deches de beber?

A nai respondeulle:

–Por que o dis?

–Que por que o digo? Tómasme o pelo, non ves que son un dinosauro!
–dixo a filla efusivamente.

Respondeulle a nai con cara falsa:

–É verdade. Es un dinosauro. Imos facer unha festa!

E colorín colorado...!

NOEL ÁLVAREZ FERNÁNDEZ

6.º curso, CEIP de Ponte Sampaio (Pontevedra)

OXALÁ GAÑE ESTE CONCURSO!

Nunha afastada aldeíña, había unha pequena casa abandonada á que todos temían.

Comentaban que na casa as pantasmas asustaban.

Un solleiro día, á vella casa catro amigos se dirixían.

Que eran moi valentes!, dicían, pero iso era o que eles crían.

Cando á vivenda chegaron, pola porta entraron.

Todo estaba escuro, e OXALÁ, un dos nenos, temía polo seu futuro.

Logo díxolle a ESTE outro dos catro amigos:

–Teño moito medo, e creo que algo me mordeu o dedo!

ESTE contestoulle:

–Non sexas tonto, non hai pantasmas, iso só é un conto.

Seguiron camiñando e CONCURSO e GAÑE, os outros nenos, dixeron que un estraño ruído estaba soando, e que se estaban asustando.

ESTE críase o máis valente xa que non chorou cando lle caeu un dente, e dicía que eles eran moi medrosos, e que el non lles temía nin aos osos!

Os seus amigos, moi asustados e enfadados con ESTE, escaparon fogueateados, xa que cando camiñaban... «Alguén nos observa», comentaban.

ESTE quedou só, medo comezou a sentir, e tamén a axuda pedir.

O neno tropezou e rapidamente do chan se levantou. Algo avultado tocou e o botón pulsou. De repente acendeu a luz e ao rapaz case lle da un patatús.

Cando xa todo miraba, deuse conta de que de mouchos se trataba. Todo foran os mouchos:

A OXALÁ mordéranlle o dedo, e fixeran que tivese moito medo.

Os ruídos que estaban soando eran os animais que estaban piando.

Todo se aclarou, e aos outros amigos aquela aventura contou.

Agora todos os días a estar cos mouchos volvían.

Ao final, OXALÁ, GAÑE, ESTE e CONCURSO foron os mellores amigos, e cada vez estiveron máis unidos.

LUCÍA ÁLVAREZ PARDO

3.º curso, CEIP Álvarez Limeses (Pontevedra)

O TEMPLARIO DO SILENCIO

A choiva caía sobre o noso triste tellado, como fixo todo este inverno tormentoso. Outro luns vou camiño do colexio co meu pai, tentando non mollarnos. Ao chegar atopamos o colexio en silencio, aletargado, sen cor por mor deste tempo que nos invade de nostalgia.

A cancela da entrada estaba fechada e custodiada por un personaxe, que parecía sacado da Feira Franca e que se asemellaba a un cabaleiro templario, que nos dixo:

–Veño dun tempo máis alá da razón. Son un cabaleiro que conta a lenda que ao vento unha maldición pronunciou. Quen son? Se o adiviñades, entrades nunha parte do colexio que nunca antes ollastes e onde a vosa alma poderá volverse case inmortal.

O meu pai e eu mirámonos e, como un resorte, saltamos e dixemos á vez:

–Jacques de Molay, o derradeiro mestre templario!! O protagonista dunha canción do noso grupo favorito.

–Podedes pasar e que a nosa música sexa a vosa voz! –dixo o templario.

As portas do colexio abríronse e de entre néboas xurdiu un escenario no que estaba a nosa banda favorita WARCERY, e ao seu carón os meus amigos Nacho, Héctor, Martín, Iago, Nicolás e Sheila cantando aquilo de «o importante neste mundo é a túa amizade!». Subín con eles e cantamos moito.

Con cada nota que soaba, con cada verso que cantabamos, un raio de sol ía apagando a choiva e dando ledicia ao noso colexio de novo, ata que todos os alumnos se uniron e desfrutaron connosco.

O escenario esvaeceuse e o templario díxome antes de facerme volver á miña aula que:

–A verdadeira maldición do templario é que sen a túa ilusión, sen o teu sorriso e a sen a túa voz... sen ti, sen ti sería silencio.

JOSÉ MANUEL AMESTOY LÓPEZ

6.º curso, CEIP A Laxe (Marín)

A MANSIÓN EMBRUXADA

Aquela era una noite escura e tormentosa. Na vella mansión Crow escoitouse un grito:

–Ahhhhhhhhhhhhhhhhhh! –gritaba sen parar unha rapaza.

Cando a policía foi ver que pasaba, tan só atopou o cadáver da pequena. Todos sabían que, se alguén se atrevía a entrar alí, remataría morto.

Ao día seguinte, a mansión agardaba a chegada de doce policías. Eles, novamente, foran ata aquel inferno na procura de respostas. Nada máis entrar, foise a luz e as súas lanternas non funcionaban. De súpeto, as luces acendéronse e seis dos policías apareceron mortos no chan. O resto estiveron de acordo en seguir, aínda que presentían que lles agardaba o mesmo final. Dous deles, cheos de medo, saíron disparados mentres que o resto receaban ao tempo que avanzaban lentamente. Uns minutos despois desapareceron tres máis.

Tan só quedaba o comisario. Sabendo que non había marcha atrás, seguiu aquel longo corredor. Cando quixo decatarse, a morte xa o estaba a rondar. El, como tantos outros antes, decidiu darse por vencido para que a súa alma vagase sen rumbo por aquela mansión. Había moito que non tiña ganas de seguir vivindo, de xeito que, cando a morte amosou a súa face, o comisario non puido evitar un sorriso.

Por primeira vez, alguén se estaba a rir da morte que reinara por tantos anos naquela mansión. Se algo estaba claro era que aquela dona da gadaña non quería nas súas filas a ninguén que non tremese na súa presenza, de xeito que decidiu traer á memoria do comisario os poucos momentos felices da súa vida: a súa mocidade, a familia, os amigos e o primeiro amor. . .

Aquel home saíu vivo daquela mansión envolto nunha especie de soño e sen poder explicar todo o que vivira naquel lugar.

CAROLINA AMORÍN GONZÁLEZ

4.º curso, CEIP Isidora Riestra (Poio)

XOÁN E AS ESTRELAS

Era unha vez un neno chamado Xoán.

A Xoán gustábanlle moito as estrelas, tanto que un día pensou: «Ao mellor podo atrapar unha!».

Entón agardou a que se fixese de noite para collela.

Esa noite Xoán foi fóra e viu moitas estrelas no ceo, pero había unha que brillaba máis, entón pensou: «Esa é a estrela que eu quero!».

E tentou collela. . .

Xoán buscou unha póla dunha árbore na que poder subir para collela pero non chegaba. Buscou unha máis alta, pero seguía sen chegar; e decidiu dicirlle ao seu pai que lle construíse un foguete.

Cando se volveu a facer de noite, Xoán montou no seu foguete e foi pola súa estrela, o que fixo que se puxese moi contento.

Cando chegou ao espazo, buscou e rebuscou ata que a atopou.

«Esta é a miña estrela!», pensou.

Cando se dispoñía a collela, decatouse de que non podería sacar as mans fóra do seu foguete e decidiu regresar para a súa casa. No camiño seguía a pensar en cal sería a maneira de facerse coa estrela que tanto desexaba.

Ao día seguinte, Xoán agardaba impaciente a que se fixese de noite para volver intentar coller a estrela e pensou que a mellor maneira de facelo sería falando con ela.

Xa pola noite, Xoán saíu en busca dela, e cando a atopou díxolle:

–Estreliña, podes baixar? Así seríamos amigos.

A estreliña contestoulle:

–Non podo, pero sempre estarei contigo.

UXÍA ANTÓN COBAS

4.º curso, CEIP Álvarez Limeses (Pontevedra)

RUFFUS, O PEIXE PEQUENO

No fondo do mar había un peixe moi pequeno chamado Ruffus, que tiña un problema nunha das súas aletas. Os seus amigos eran unha estrela de mar chamada Laura e un cabaliño de mar chamado Leo, que, ás veces, se metían con el e o facían rabiarse porque dicían que era demasiado pequeno para nadar.

Un día, a estrela Laura tivo unha competición, na cal tiña que atravesar varios túneles estreitos e non conseguía pasar porque unha das súas patas era demasiado longa.

O seu amigo o cabaliño de mar tamén o intentou, mais tampouco podía atravesalo. Así que o intentaron todos os participantes e ningún o conseguía.

Entón, os membros do xurado mandaron participar a Ruffus e este púxose moi contento. O árbitro dixo:

–Un, dous e tres.

E desta vez si que o conseguiu. Todos estaban abraiados, e Ruffus acercouse a eles e díxolles que aínda sendo pequeno podes facer todo o que fan os maiores, e, ás veces, aínda máis, como acontecera neste caso.

Así que dende entón todos foron xunto del, e a estrela e mais o cabaliño dixerónlle que nunca máis se burlarían por ser máis pequeno ca eles e ademais querían aprender o que el facía.

Como conclusión de todo o acontecido, a estrela propuxo facer novos amigos e ir nadando todos xuntos cara á praia de San Vicente do Mar no Grove e alí atoparon moitos peixes e fixeron novas amizades.

Xuntos regresaron á súa casa e viviron felices e comerón perlices.

ALBA ARIAS GÓMEZ

5.º curso, CEIP Vilaverde (Pontevedra)

PELUSILLA

Era unha vez unha cadela que estaba soa. De compañeiros só tiña os demais cans da canceira, ata que un día a miña tía a adoptou. Era peludiña e moi rebuldeira, aínda que non todo eran vantaxes, antes de ir á canceira estivo abandonada e soa na rúa, e tivo que sufrir moitas cousas como unha ola de calor. Vovos contar a aventura de Pelusilla coa famosa ola de calor.

Era un día, non de moita calor, no que a nosa protagonista, Pelusilla, estaba metida dentro dunha caixa de cartón, e cando saíu, porque aquela empezaba a quentarse, viu que a auga do río que tiña ao lado estaba desaparecendo, e que no seu lugar deixaba unha especie de fume (vapor), polo que Pelusilla se asustou e marchou correndo coa caixa de cartón a rastro.

Como xa estaba cansa de tanto correr, meteuse nunha rúa sen saída e na que non ía tanta calor para descansar. Pero de repente apareceu unha marea de xente procedente dun bar próximo e escondeuse.

De novo, asustada, detrás da caixa de cartón, viu que ao seu carón había un rato. Este explicoulle por que estaba alí e preguntoulle a Pelusilla que facía ela tan asustada. Pelusilla contestoulle que non tiña onde agocharse. Entón o rato, chamado Festín, indicoulle a Pelusilla onde había un pasadizo secreto para esconderse e onde non ía calor. Pelusilla e Festín iniciaron a camiñada cara ao pasadizo.

Á mañá seguinte, a Pelusilla chegoulle un recendo a comida de cans e foron pouco a pouco cara a alí. Decatáronse de que era unha trampa pero xa era demasiado tarde, a Festín matárono e a Pelusilla mandárona á canceira onde a miña tía a adoptou.

MARTINA BARRAL POUSA

4.º curso, CEIP Froebel (Pontevedra)

O IMPORTANTES QUE SON OS LIBROS

Era unha vez unha nena chamada Rocío. Non lle gustaba nada ler, parecíalle unha perda de tempo.

Un día houbo un miniterremoto na súa vila e todos se asustaron, pero cando rematou non había ningún ferido e a xente despreocupouse.

Ao día seguinte, Rocío foi ao colexio e pasou unha cousa increíble: nos libros non había ningunha letra. Nada. Estaban todos en branco.

Rocío pensou que tería sido polo terremoto do día anterior, e pareceulle estupendo xa que non lle gustaba nada ler.

Esa noite, cando se ía deitar, pediulles aos seus pais que lle lesen un conto. Pero eles dixeron que non podían porque desapareceran todas as letras dos libros. Rocío púxose un pouco triste pero aceptou.

Nos seguintes días, a nena deuse de conta de que todo era máis aburrido, que ninguén ía feliz polas rúas, que non había imaxinación, que non había nada.

E descubriu que a diversión está nos libros, os libros son a chave para divertirse, porque cando ti les un libro a túa imaxinación empeza a voar. Aínda que antes Rocío non gustaba de ler, agora botaba de menos poder desfrutar dun conto, dun libro, dunha historia. Pero agora tiña un grave problema, nos libros non había nin unha sola verba. Ela quería que volvesen as letras, e desexouno con todas as forzas...

Esa noite, cando estaba a durmir, sentiu un leve tremor na súa cama.

Ao día seguinte, Rocío abriu un libro e alí estaban todas as letras. Púxose a ler o conto e decatouse de que o que máis lle gustaba no mundo era ler.

NOEMI BOUZÓN ÓTERO

5.º curso, CEIP de Ponte Sampaio (Pontevedra)

O ABETO

Nun bosque do Vilar, preto de Ponte Sampaio, transcorría tranquilamente a vida de piñeiros, acivros, salgueiros... Levábanse moi ben entre eles, incluso había un abeto que ninguén sabía como nacera alí. Era moi raro.

Aquela mañá un grupo de xente que camiñaba polo monte tiña unha conversa que os deixou abraiados. Ían cortar o abeto para levalo a unha tenda de Pontevedra.

Armou un grande alboroto no lugar e todos se preguntaban cando lles tocaría a eles a vez de ser cortados.

Cortárono, levárono e descargárono na tenda. Xa colocado no expositor, decatouse de que non era o único abeto que alí se atopaba, e, só por iso, púxose contentísimo.

A xente entraba e saía da tenda con abetos pero ningún deles era o noso amigo. Cando unha familia o comprou púxoselle cara de alegría.

Chegaron á casa, puxeron o abeto no salón e enchérono de adornos e luces. Estaba fermosísimo!

O único problema que tiña era que non entendía o seu idioma, o galego. El falaba «o arboliano», e entón non sabía que o leite e as galletas que quedaban enriba da mesa, o día de Noiteboa, eran para Papá Noel e pensando quedou durmido. Cando espertou estaba cheo de agasallos. Xa viñera Papá Noel!

Eran todos regalos para a familia, e, nunha caixiña pequeniña, había unhas figuriñas de chocolate para o abeto.

A familia colocoulle as figuras. Aos nenos daquela casa encantáballes o chocolate e cada día con moito coidado ían sacando unha figuriña da árbore para comela.

Ao transcorrer toda esa historia o abeto pensou: «Que bo é o Nadal!».

E como o pasaba tan ben coa familia non se acordou de que nacera nun bosque do Vilar e quedou con eles para sempre. Aínda que fixo a promesa de ir de vacacións ao bosque que o vira nacer.

MIGUEL BRALO LATORRE

4.º curso, CEIP Álvarez Limeses (Pontevedra)

VIAXE A PÉ

Un día decidín ir coñecer o Himalaia e contratei un sherpa para internarme nas montañas. Acompañoume durante dous días e, cando cheguei a unha zona virxe, parou de súpeto e díxome que el non seguía. Deixoume alí e enfadeime, pero decidín seguir adiante.

No camiño atopei un volcán de xeo, branco e luminoso. Cando entrei polo cráter sorprendéronme todas aquelas luces de cores colgando no aire, enriba dunha lagoa de neve fundida. Á beira da lagoa descubrín un ancián misterioso, alto e delgado, que miraba as luces abanear dun lado para outro. Sen apartar a vista delas chamoume polo meu nome. Quedei abraiado e baixei con medo.

Non o crin cando me dixo que todas aquelas luces eran os desexos non cumpridos da xente, e deseguido vin unha gran luz que se somerxía na lagoa. El xirouse cara a min, miroume aos ollos e díxome:

–Ese era o teu desexo de atopar o corazón do mundo, afundiuse porque xa se cumpriu.

Eu estremecín.

Cando cheguei de volta á vila, encontreime co sherpa que me abandonara. Sorprendeuse moito ao verme e preguntoume:

–Como o fixeches?

E eu, calado, só sorrín. Dei media volta e marchei na procura dunha nova aventura. Aínda non cumprira todos os meus desexos.

TELMO BRAVO BARRIO

5.º curso, CEIP Vilaverde (Pontevedra)

O DESEXO

Un día no Polo Norte, un pingüín notou que faltaba xeo, comentoullo ao resto dos animais. Todos o notaban! E o oso polar propuxo unha reunión urxente:

–Será pasadomañá, despois de comer! –aclarou o oso.

Estaban todos de acordo.

–Mellor despois de xantar!

Era boa idea, na reunión anterior todos tiñan tanta fame, que acabaron coméndose uns aos outros. Chegou o día, unha morsa que volvía dunha viaxe contou que uns exploradores detectaran un obxecto moi quente, xusto debaixo de Groenlandia. Decidiron construír un barco unha vez alí, e ver que pasaba. Ao día seguinte, construíron unha balsa con táboas e cousas arrastradas polo mar. Decidiron quen viaxaría: un oso polar, un pingüín, unha foca e unha morsa. Rematado o barco, emprenderon a viaxe. Pasaron seis días polo océano, comendo peixe. Ao sétimo día chegaron, e, coa axuda dun compás rudimentario e un libro de lendas de esquimós, atoparon facilmente o camiño dunha cova.

O libro dicía: «Dereito ata a montaña que asemella un mamut, xirar á dereita e despois recto, ata a pedra dos tres picos. Sesenta pasos á esquerda e atopamos a cova». Agocháronse para entrar, e xa dentro todo se fixo máis grande. Dentro había carteis indicativos: para atopar o dragón do xeo, a raíña das neves, Papá Noel...

Escolleron o sendeiro do dragón (segundo o libro, el era o culpable do que sucedía). Tropezaron cun yeti famento que, a cambio dun pouco de bacallau cru, lles mostrou o camiño. E por fin:

–Atopamos o dragón! –dixo a morsa.

O dragón tiña un tremendo arrefriado, a cada esbirro saían chamas do seo fociño. E con tanto esbirro estábase a derreter o Polo Norte. O yeti atopou a solución:

–Imos mándalo ao Caribe!

Meu dito, meu feito, marchou de vacacións, e o xeo volveu ao seu lugar.

MIGUEL BUGARÍN PEIXOTO

4.º curso, CEIP Núm. 1 (Tui)

AVENTURA EN FAMILIA

A familia de Kiko ten que mudarse a unha vila distinta ás demais vilas. Esta familia de monstriños bos trasládase porque Tos, o pai, atopa traballo alí.

El xa estivera buscando información sobre Vila Terror e ían un pouco asustados. Lera que alí sempre era de noite, que non se podía saír despois das nove e que as tres familias fundadoras tiñan un «toque» sobrenatural.

Cando xa estaban na cama, os nenos levantáronse para mirar pola ventá, querían saber por que non se podía estar na rúa despois das nove. Sorprendentemente atoparon a avoa axexando pola ventá. Ela sabía que había algo sobrenatural nesa vila.

De súpeto oíron barullo na rúa, e viron unha tenue luz verde que semellaba buscar algo, abría as caixas do correo, os contedores do lixo, metíase debaixo dos vehículos... Déronse conta de que era unha pantasma.

Pola mañá cedo a avoa e os netos foron á vella biblioteca. E despois de horas de consultar libros descubriron unha lenda local: «Hai unha chave especial agochada nalgún lugar da vila que abre unha porta que só aparece en plenilunio no punto máis alto da montaña Ouveo. Se esa porta se abre, sairán as criaturas sobrenaturais máis poderosas para dominar o mundo».

Descubriron tamén un pequeno e vello mapa que indicaba o punto exacto onde estaba a chave. Estaba no camposanto, o lugar máis afastado de montaña Ouveo. Eran xa as oito e só tiñan unha hora para atopar e destruír esa chave. No camposanto atoparon o sitio, a chave estaba na tumba de Rabbote Mastángula, un dos fundadores da vila, e colleron a chave que resultou ser de cristal.

A avoa colocouna no chan e cun croio golpeouna ata destruíla.

–Nenos este é o noso segredo.

DUNA CASAL PADÍN

6.º curso, CEIP Valle-Inclán (O Grove)

XAN, O NENO DO SOÑO

Xan era un neno alto, esvelto, cariñoso, divertido... Vivía nunha vila, na ladeira dunha vella montaña. Era coñecido polo seu gran soño: VOAR.

Dende a primeira vez que viu un paxaro esvoazar por riba das frescas flores da primavera, soubo que o seu soño era aquel. Sentirse libre e lixeiro, como un fermoso paxariño.

Cando llelo contou aos seus familiares, todos quedaron pasmados:

–Pero Xan, como vas voar? –preguntou a avoa.

–Avoa, eu sei o que quero e loitarei polo meu soño –respondeu Xan decidido.

Pola noite foron cear, toda a familia xunta, a un restaurante no que o recendo a comida fresca e canela se facía irresistible. Foi unha boa noite para todos, e xa cansos decidiron ir durmir.

Xan levantouse para ir ao servizo e non puido evitar distraerse co que estaba a observar xusto pola fiestra que tiña en fronte.

Quedou pasmado pero á vez ilusionado, non o podía crer. Estaba outra vez diante daquel paxaro que lle regalara anos atrás o seu duradeiro soño.

–Pero ti quen es? E que fas aquí? –preguntou Xan.

–Shhh –dixo o paxaro–. Eu son o xefe do Bosque dos Soños. E hoxe estou aquí para facer realidade o teu.

Así que Xan se dispuxo a saltar ao seu carón.

O colorido xílgaro obrigouno a pechar por un momento os ollos. E nese mesmo intre, unha nube de paxaros fermosos rodearon o neno. Xan comezou a sentir que os seus pés se levantaban do chan. Abriu os ollos e viuse no Bosque dos Soños, un lugar para el impresionante.

–Riinnnnnnngggggggggg.

De súpeto, soou o espertador. Era a súa nai:

–Hora de ir ao colexio! –dixo a nai de Xan.

RAQUEL CASTELLANO FERNÁNDEZ

5.º curso, CEIP de Ponte Sampaio (Pontevedra)

A FOCA QUE NON SABÍA NADAR

Nun afastado lugar do océano Pacífico, onde as augas eran transparentes e os peixes de cores, vivía unha familia de focas.

A máis pequena chamábase Channel e non sabía nadar. E tampouco o intentaba. A nai foi a primeira en querer ensinarlle, pero non era capaz.

Chegou o momento en que tiña que ir ao colexio Augadoce. Os profesores e amigos tamén quixeron ensinarlle, pero non o conseguiron. Ela só quería xogar e divertirse.

Un día a directora anunciou que pronto celebrarían as competicións deportivas escolares: As Olimpíadas. E todos os seus compañeiros comezaron a adestrarse para a carreira. Ela era a única que non o facía. Non lle importaba nada, só quería pasalo ben.

Cando terminaron as clases e volvían para a casa, ela entretívose xogando coas súas amigas. Apareceu unha lura xigante cuns tentáculos e ventosas pegañentas, e as súas amigas fuxiron correndo e chiando cara á súa casa pero ela seguiu a xogar.

A lura quixo facerlle unha broma e botoulle un chorro de tinta que deixou todo negro ao seu redor.

Channel asustouse moito e quedou paralizada. Axiña reaccionou e empezou a esvoazar con forza.

Cando se decatou, estaba nadando e nadaba a moita velocidade. Decidiu participar nas Olimpíadas.

Na competición saíu de última pero foi adiantando e adiantando ata gañar a competición.

Por fin aprendeu que se te esforzas moito por unha cousa ao final o consigues.

DAVID CHAN GARCÍA

5.º curso, CEIP Vilaverde (Pontevedra)

O CHEPUDO DA PEREGRINA

Era unha vez un chepudo coa pel verde. A xente ríase del, e el escondíase na parte máis alta da Peregrina. Acostumaba saír ás rúas pola noite.

Entón un día viu nunha tenda unha máscara moi realista de humano feo e el pensou que se a puña podería parecer un humano e non ter problemas. Á noite seguinte foi á mesma tenda e rompeu o escaparate, entrou e levou a máscara.

Esa mesma noite mirouse ao espello e pensou que el non era deste planeta, así que pola mañá puxo a máscara e baixou á misa das doce e media da mañá, e decatouse de que ninguén se fixara nel e pensou: «Agora podo ter unha vida normal, con traballo, unha casa...».

O nove de marzo foi a unha oficina para buscar emprego e cando foi a súa quenda non sabía que facer:

–Bos días –dixo o que traballaba na oficina–. Que traballo queres dos que podes elixir? Son: astronauta, taxista e cociñeiro.

–Gustaríame e, ee, eeeee... Gustaríame o de astronauta.

–Moi ben, douche o traballo.

–Ben –dixo o chepudo.

–Nome –dixo o da oficina.

O chepudo non tiña, e empezou a pensar...

–Chámome Lois.

–Moi ben, Lois, tes que ir aos Estados Unidos.

Lois foi correndo a unha parada de bus e entrou nun que ía ata Santiago. De alí colleu un avión ata os Estados Unidos.

Ao chegar, un taxi levouno ata a base de lanzamento, e, cando chegou, o que mandaba dixo que o prepararían para ir ao espazo.

Tres anos máis tarde Lois xa estaba no espazo e aterrou nun planeta no que tamén había chepudos iguais ca el, pero cunha cor de pel distinta. Lois quedou a vivir nese planeta, xa que se sentía moi moi ben alí.

Podería ser lois dese planeta?

MARCOS CONSTENLA DURÁN

5.º curso, CEIP Pérez Viondi (A Estrada)

A PELEXA POLO PODER

Houbo un tempo en que os mares estaban dominados por un pirata chamado Coxas. Coxas era o capitán do Sanei, era o rei do mar dende que o barco do seu inimigo se afundira.

Pero de repente, un barco subiu á superficie. Era o inimigo de Coxas! O capitán Milenario co seu barco *Alcorcón Milenario*. Milenario viña a cobrar a vinganza que tiña que pagar Coxas. Íase producir a batalla do século.

Antes de que comezase, por alí apareceu o pirata Chanto, o máis temido polo pirata Milenario. Chanto perdera unha batalla con Coxas, así que lle tiña medo.

Coxas, como é moi listo, deixou que os dous parvos se matasen entre eles, porque así o que sobrevivise tería menos homes e menos munición.

Como os canóns facían moito ruído, BUM!, BUM!, os piratas mandaron poñer tapóns nos oídos para que os seus mariñeiros non quedasen xordos.

Como o capitán Chanto tiña escopetas meteulle no barco de Milenario moitos barrís de ron, disparoulles aos barrís e... estourou!

Mentres Chanto vía como se afundía o barco de Milenario, Coxas rouboulle as escopetas. Mataron a todos os mariñeiros, pero Chanto cos seus derradeiros folgos disparou un canón. Como Coxas e os seus mariñeiros tiñan moita elasticidade, conseguiron esquivala. Coxas mandou poñer os seus mariñeiros diante dos barrís de ron e cando Chanto disparou por segunda vez, Coxas e os seus homes saltaron do barco e este estourou.

Coxas volvía a ser o rei do mar. Ata que pasaron dúas décadas e foi derrotado polo fillo de Chanto, na derradeira vinganza.

NOA DA SILVA ÁLVAREZ

6.º curso, CEIP de Ponte Sampaio (Pontevedra)

O OSO QUE ROMPEU UN ÓSO

Nun frondoso e afastado bosque, nunha manda de osos, vivía Óscar. Era un oso pequeno, peludo e branco coma se fose albino.

Como era un oso moi atrevido, afastouse da manda e foi dar un paseo, pero despistouse, esvarou por unha pendente, e deu nunha pata dianteira contra unha árbore.

Volveu á manda e buscou axuda. Os máis vellos do grupo díxéronlle que tiña unha mazadura, pero que non sabían como curala.

Marchou polo bosque na busca de todo tipo de animais. Foi ata onde se atopaba Sara, a serpe, que lle inxectou un pouco do seu veneno a ver se lle pasaba, pero nada. Foi a xunto de Estela, o esquío, e fíxolle un emplasto de romeu e herba luísa, pero tampouco deu resultado. Entón foi onda Lois, o lobo, que lle deu unha mestura de rabo de cabalo, tomiño e cebola, pero que tampouco funcionou.

Como nada daba resultado, decidiu ir ao poboado dos humanos. E botou a andar ata chegar á casa do curandeiro.

Este, ao ver un oso diante da súa porta, asustouse e comezou a correr. O oso díxolle que necesitaba axuda. O curandeiro atendeuno para que o deixase en paz, pero pensaba que estaba sufrindo alucinacións.

Comprobou que tiña unha das patas dianteiras rota e vendoulle o lugar onde estaba ferido. Uns días despois, curou.

Regresou á súa manda e contoulles todo o ocorrido. As crías pequenas acercáronse ao poboado dos humanos a xogar cos rapaces. Os dous grupos fixéronse moi amigos, e, por iso, aos nenos lles regalan osiños de peluche, porque lles gusta xogar con eles.

PAULA DOMÍNGUEZ BARREIRO

5.º curso, CEIP Álvarez Limeses (Pontevedra)

RIAZOR

Eran as seis da maña. Os meus cabelos movíanse, rebeldes, azoutados pola suave brisa. Inspirei o marabilloso aroma do océano facendo que os meus pulmóns se enchesen de aire puro e ledicia. Escoitei o distante murmurio das voces das gaivotas e, de repente, todas as miñas neuronas se concentraron nunha única palabra: pracer.

Sentín un súbito desexo de tocar a area. Corrí ata unhas escaleiras e baixei os chanzos de dous en dous. Cando xa estaba no último saquei os zapatos e metín os pés descalzos naquel outro mar de sensacións: o rozamento de cada graniño de area na miña pel, o frío contacto dela, a tranquilidade que invade o meu corpo, a sensación de que todo é... paz.

Cos pés aínda somerxidos na area mirei para o mar: un barquiño veleiro loitaba por non dar a volta naquela mancha escura de ondas furiosas, que rompían con forza contra as rochas. A auga debía estar conxelada. Que ben que eu non estivese nese barquiño! Era moito mellor estar aquí, ao pé da praia, observando o pequeno puntiño que era a lúa agora; xa estaba outra vez no inmenso ceo aquel astro tan luminoso que acababa de emerxer do horizonte... polo horizonte de... Riazor.

CARLOS ESTÉVEZ SUÁREZ

3.º curso, CEIP A Laxe (Marín)

O CORVO E A PEGA

No cumio dun carballo vivían dous paxaros que sempre estaban pelexando por ser donos da árbore. Un deles era un corvo e o outro unha pega, que ademais era moi lista.

Nunha das súas pelexas, o corvo feriuna dunha picada, e a pega, xa farta, decidiu abandonar o seu niño, pois xa non aguantaba máis.

Pero antes quixo vingarse e propúxolle ao corvo que o que mellor cantase quedaría alí e o outro iríase. O corvo, que era moi fachendoso, accedeu, pero antes quixo saber quen sería o xurado desta contenda. A pega respondeulle que o rapaz que xogaba debaixo sería un bo candidato, pois sempre estaba por alí e raro era o día en que non se poñía a cantar.

–Ti podes comezar primeiro –dixo a pega.

–Paréceme ben –respondeu o corvo.

Colleu folgos e empezou a grallar con todas as súas forzas, e o rapaz, ao escoitar aquel ruído, que parecía proceder dos mesmísimos infernos, colleu unhas pequenas pedras do chan mentres dicía:

–Que mal canta este corvo, non hai quen o ature!

E púxose a guindarllas tan alto como podía. Mais o paxaro tivo moita sorte e o rapaz non lle atinou con ningunha, e, voando o máis rápido que lle permitían as súas ás, conseguiu fuxir de alí.

Quedou moi avergoñado, porque aquel pequeno humano fixera que a súa voz (da que cría que era unha marabilla da natureza) quedase como un ruído horroroso, e tomou a decisión de non volver nunca máis e buscar o modo de vivir noutro lugar.

A pega conseguira a árbore para ela soa.

MARIÑA FERNÁNDEZ BUCETA

5.º curso, CEIP Vilaverde (Pontevedra)

O PEQUENO ORFO

Era unha vez nunha vila de Alcalá un neno chamado Tomé, que vivía nun pequeno orfanato.

Tomé caeu moi enfermo e, debido as condicións que tiña, ninguén o adoptaba. A medida que pasaban os meses non melloraba.

Un día Tomé recibiu unha visita do seu amigo André, que fora adoptado. André visitou a Tomé para regalarlle un libro titulado *O que lle pasaba a Anabel cando tiña sono*. Cando André marchou, Tomé comezou a ler moi intrigado o libro.

Á mañá seguinte Tomé espertou moi alegre, nin sequera parecía que estivera enfermo. Levantouse da cama e empezou a camiñar. Con cada paso que daba imaxinaba: historias de piratas perdidos no medio do océano, exploradores buscando cidades perdidas...

Cando Tomé ía acabar de ler o libro, deuse de conta de que faltaba a última páxina! Entón ocorréuselle que podería terminar el a historia.

Ao día seguinte empezou a crear moitos finais, pero ningún o convencía, e por iso seguiu creando máis e máis. Cando pasou unha semana xa tiña cincuenta páxinas feitas, ao cabo dun mes dúas mil e ao cabo dun ano xa non se podían contar.

Despois de moitos anos dedicados a escribir e escribir, unha crítica chamada Raquel escoitou falar sobre os finais que fixera Tomé, e quíxoos ler. Cando Raquel o encontrou, puido ler os diferentes finais e tamén outras historias que creou en todo ese tempo. Cando os acabou de ler, pediulle a Tomé se podería publicar unha das súas novelas, el accedeu moi disposto.

A súa novela tivo moito éxito e, por iso, a pesar de seguir estando enfermo, durante todos eses anos se converteu nuns dos mellores escritores do mundo.

CANDELA FERNÁNDEZ LOMBAR

6.º curso, CEIP de Sobrada (Tomiño)

CASO PEDRUSCO

En setembro de 1994, Xoán, de trece anos, mentres ía á escola, decidiu meterse nunha fraga na cal atopou un diario agochado na terra. Na portada puña: «Detective Martiño Barreiro». A continuación gardouno na mochila e seguiu ata a escola.

Cando chegou á casa, sacou o diario e comezou a lelo. Ficou abraiado, porque se trataba dun caso investigado por Martiño había uns meses. Chamábase «Caso Pedrusco», e era o roubo dunha xoia. Ao lelo, Xoán descubriu que morrera un compañeiro de Martiño, chamado Breogán. Asasinárano cando buscaba probas.

Xoán acabou de ler o diario, pero non aparecía o responsable do roubo nin da morte do compañeiro de Martiño. O rapaz decidiu buscar pistas en internet.

E así foi, apareceu unha ligazón que lle chamou moito a atención: «Roubo e dobre asasinato por culpa dunha xoia desaparecida».

–Non pode ser! –dixo Xoán ao acabar de ler o documento.

Breogán non era o único morto. Martiño tamén fora asasinado cando xa tiña o caso resolto, e ía mandar ao cárcere o culpable destas accións, pero conseguiron matalo e destruíran as probas.

Xoán decidiu investigar, e dirixiuse á oficina onde traballaban os detectives. Falou cos seus compañeiros pero ninguén o quería axudar por medo a represalias. Ao marchar, un home chamouno, era Estevo, un compañeiro dos detectives. Os dous acordaron traballar conxuntamente.

Decidiron revisar as cámaras de seguridade e viron uns homes sospeitosos. Falaron co dono da xoia, porque os sospeitosos eran amigos da súa filla. Conseguiron o seu enderezo e foron ata a súa casa.

Ao chegar, encontráronse cos dous rapaces e coa filla do dono, Rosalía. Os rapaces e Rosalía escaparon. A policía encontrounos a punto de marchar á Arxentina.

Os fuxitivos acabaron no cárcere. Xoán e Estevo xuntáronse de novo uns anos despois e continuaron resolvendo casos inacabados.

DAVID GARCÍA RAMALLAL

6.º curso, CEIP Anexo A Lomba (Vilagarcía de Arousa)

O PESCADOR DE TESOUROS

Nunha pequena vila de Lugo vivía un pescador que saía ao mar todos os días. Unha vez, entre os peixes, encontrou unha sirena que estaba atrapada nas redes.

A súa aparición provocou que o home quedase con cara de incredulidade. Nese intre a sirena dixo:

–Se me soltas, recompensareite. Cada vez que tires a rede ao mar, recollerás un tesouro. Cada día o premio será máis grande e valioso.

O pescador aceptou o trato e soltou a sirena.

O primeiro día, o home recolleu un reloxo de ouro. Quedou moi contento coa súa xoia nova, e xa estaba a esperar ao próximo día.

Nos seguintes días, os agasallos seguiron sendo igual de valiosos, ao agrado do home. Entre estes tesouros había colares, pedras preciosas...

Pero, aínda que os regalos eran valiosos e importantes, o pescador cría que a sirena o enganara, xa que lle dixeran que cada día a recompensa aumentaría, e na súa opinión todo o recibido ata esa data tiña un valor similar.

Un día, cando o pescador non encontrara nada, atrapou a mesma sirena. Aínda non lle pasara o enfado e díxolle:

–Prometérasme que cada día a recompensa sería máis valiosa, e iso non é verdade.

–Como que non? –preguntou a sirena, que non cría o que estaba a escoitar–. Claro que é certo.

–Non o é! –Apurou a aclarar o home–. Os agasallos son iguais todos os días.

A sirena, á que non lle gustaba nada o que acababan de dicirlle, comentou:

–Egoísta, sempre queres máis! Vendo isto, vou deixar de regalarche cousas e recuperarei todo o que che dei.

Nese intre todas as recompensas que estaban na barca desapareceron, e a sirena foise coas ondas.

Dende ese momento, o pescador xurou que se volvía a atrapar un personaxe coma este, soltaríao ao instante.

ELOY ALBERTO LAGO CUSÍ

5.º curso, CEIP Fermín Bouza Brey (Pontearcas)

ZOMBIS CITE

Eu era un reporteiro normal ata que me mandaron ir facer unha reportaxe sobre zombis cite, a Cidade dos Mortos.

Di a lenda que hai mil anos, nesta cidade, un científico, que tentaba crear un novo perfume, fixo un gas tóxico que transformou a todos en zombis.

Mentres eu tiraba fotos dende o helicóptero, Mion Moom patrullaba a zona. De súpeto, Logan viu un centro comercial e díxolle ao piloto que pousase o helicóptero xa. Mais o piloto dixo que non podía nese lugar, que buscaría un mellor para poder facelo.

Pousouno preto do centro comercial, eu collín unha arma e fomos ata unha tenda de ferraxes coller algo co que romper o bloqueo do centro comercial. A cidade estaba deserta, e entón decateime da gravidade do asunto. Estabamos en zombis cite. Entroume o pánico e gritei. Logan deume una boa machetada para facerme acougar.

Díxome que me calmase, que cargásemos o helicóptero con provisiones e que saísemos logo de alí. Escoltamos un son estraño e decatámonos de que o helicóptero non funcionaba ben e ía explotar. Mion Moon escapou intentando sacar a comida, pero non lle deu tempo, o helicóptero voou polos aires.

Hoxe, 23 de outubro de 2075, aínda seguimos refuxiados no centro comercial, e só saímos na procura de máis subministración ou de medicamentos, pero aínda non atopamos unha soa persoa que lograra sobrevivir a esta catástrofe.

Os zombis están empezando a morrer, e eu creo que debe de ser por non terse alimentado en tanto tempo. Estanse facendo máis doados de matar, e nós só esperamos pacientemente a que este maldito inferno remate, porque en todos estes anos ninguén nos veu buscar. Así que o máis probable é que a epidemia se estendese máis alá de zombis cite.

Todos os días nos facemos a mesma pregunta... Quedará alguén vivo aí fóra?

MARTA LEIRO COSTA

4.º curso, CEIP San Tomé (Cambados)

LUCAS E OS TRES REIS MAGOS

Lucas está moi nervioso esta noite, porque é a noite en que virán os Reis Magos. Tenta durmir pero élle difícil. De súpeto oíe un son que vén de detrás da porta. Achégase á entrada cando ve unha sombra e vai a fume de carozo ata o seu cuarto.

De novo na cama o sono segue sen virlle. Pouco despois escoita outro son. Esta vez viña da cociña. Achegouse pensando que era a súa nai pero cando foi máis aló viu outra sombra. Esta vez asustouse moito así que volveu ao seu cuarto, pero seguía sen pegar ollo. Aínda había de volver a erguerse porque esta vez o son viña do salón, e unha vez alí, viu unha sombra máis e decidiu volver ao cuarto. Esta vez deixouse de parvadas e durmiu porque xa non podía co sono. Pola mañá a porta estaba aberta, as lambetadas e o leite que lle deixaran na cociña desapareceran e o salón estaba cheo de agasallos. Nese intre, Lucas comprendeuno todo. O son que escoitara na porta era porque estaban entrando; o son que escoitara na cociña era porque estaban comendo, e o son que escoitara no salón era porque estaban deixando os paquetes.

Agora Lucas xa ten netos e cóntalles esa historia cada noite da víspera de Reis. Os netos van ser coma el, tan curiosos e tan simpáticos, porque sempre se levantan tres veces pola noite aínda que nunca poden ver nada. Pero non perden a esperanza.

MANUEL MARTÍNEZ VILAS

25.º curso, CEIP Vilaverde (Pontevedra)

OSO DESASTROSO

Jefry era un oso moi torpe que vivía nunha cova moi grande onde tiña moitos obxectos roubados a outros animais do bosque.

O seu día a día empezaba mirando na despensa e dándose conta de que non tiña nada de comida, entón saía da cova a catro patas en dirección ao bosque para cazar algunha gacela. Pero era tan torpe que cando estaba a punto de cazar algo tropezaba cunha rocha ou dábase de fronte cunha árbore, e por iso tiña que pedirlle comida ao seu veciño Papadopoulos que tamén era un oso e vivía a dúas setas da cova de Jefry. Papadopoulos era moi bo e intelixente.

Un día Jefry mirando pola ventá da súa cova viu máis animais correndo polo bosque, e decatouse de que era a criatura máis torpe do bosque, entristeceu, deixou de mirar pola ventá e sentouse na súa cama, feita de paus e herba.

Ao seguinte día Jefry saíu da súa cova cunha mochila que lle roubara a unha tartaruga. Con ela foi de aventura ao monte Mono Vermello, e antes de saír foi falar co seu veciño para pedirlle que o acompañase na súa viaxe.

Foron dereitos ao monte Mono Vermello onde el pensaba que a súa torpeza chegaría á súa fin.

En toda a viaxe Jefry non tropezou ningunha vez, e iso deulle boas vibracións. Pero antes de chegar á cima tropezou cunha poliña. Iso entristeceu, pero despois Papadopoulos díxolle que lles daba igual que fose torpe, porque o seguían querendo.

LAURA MAZOY GARCÍA

6.º curso, CEIP Antonio Palacios (O Porriño)

A CLASE DE PRIMERO

O que ninguén sabía era que na clase de 1.º do CEIP Antonio Palacios se atopaba unha pequena aldea no interior das lámpadas fluorescentes. Estaba habitada por unhas criaturiñas ananas, máis pequenas ca unha formiga.

Un día, un neno chamado Gavi colleu unha pedra do chan e, despois do recreo, nunha das súas múltiples travesuras, lanzouna xusto ao foco onde estaba o pobo anano.

Iluminada sempre pola lámpada fluorescente, a pequena aldea asustouse cando se apagou o seu sol, sobre todo unha nena chamada Sofía que tiña seis anos e estaba soa. Nunca houbera noite naquela aldea porque a Merce, unha nena moi esquecediza da clase, sempre lle esquecía apagar as luces.

Despois diso, Gavi fuxiu para a súa clase pero non era consciente do que fixera.

A nai de Sofía, preocupada, correu ata a súa casa porque aínda iluminaban o camiño os outros fluorescentes. Ao chegar, consolouna e ela tranquilizouse. O alcalde, estresado, decidiu mandar a orde de que todos se reunisen na praza Lumus. Puxéronlle ese nome porque era a praza con máis luz, xa que tiña moitas lámpadas. O alcalde decidiu o traslado da xente ao planeta do lado porque non podían ver nada.

Mentres construían unha escaleira moito máis pequena ca a que chegaba á ventá da aula, un neno acusou a Gavi de que fora o que rompera o foco. A profesora foi á súa clase e el confesou todo o que fixo e foi castigado polo director tres semanas.

A Sofía ocorréuselle a idea de que a aldea sen luz podían utilizala para descansar en paz nas súas antigas casas e que fose unha cidade silenciosa para non deixar de utilizala. Todo o pobo a aplaudiu e o alcalde dixo que si.

Cando construíron a luminosa aldea nova, celebraron unha gran festa e Gavi non fixo ningunha travesura máis.

SONIA MORGADE CAMIÑA

6.º curso, CEIP Plurilingüe Cruceiro (Sanxenxo)

O LADRÓN INVISIBLE

Todo parecía moi normal aquel día. Pero non era así. Eu estaba tan tranquila na casa vendo a televisión cando notei que tiña a boca seca. Levanteime e fun ao piso de abaixo onde vin un home vestido de negro coma os ladróns.

Eu non sabía quen era nin o podía ver, porque tiña un pasamontañas na cabeza que só deixaba ver os seus ollos. Eran azuis. Só tiveron tempo para berrar e coller unha tixola, porque cando a tiña no máis alto que os meus brazos podían chegar, el xa marchara.

O único que sabía del era que tiña os ollos azuis e que colleu o meu reloxo de ouro. Sei que só quería roubar o reloxo porque non colleu ningunha cousa máis e non rebuscou polo resto da casa. Só as persoas que me coñecían sabían que tiña un reloxo de ouro. O ladrón tiña que ser unha persoa que eu coñecía e moi ben, porque aquel reloxo só o levaba posto os domingos.

Empecei a cavilar en persoas que coñecía que tivesen os ollos azuis. A miña prima Mariña, coa que me levo moi mal; Xoana, a nai de Mariña; Marcelo, o pai de Mariña, e creo que ninguén máis. Lévome moi mal con toda esa xente, aínda que todos os domingos tiña que comer con eles, porque a miña nai sempre os convidaba a xantar.

Eu non quería dicirlllo á policía xa que quería descubri-lo eu soa. O pai, a nai e Mariña teñen a mesma altura, así que non podía deducilo por iso. Ocorréuseme botar unha ollada onde tiña o meu reloxo por se había algo fóra do normal e si que o había. O reloxo estaba alí! De súpeto, deime conta de que fora un espellismo! Todo fora un conto da miña imaxinación!

Entón, deiteime no sofá de novo.

LUCAS ORTINS MÉNDEZ

3.º curso, CEIP Álvarez Limeses (Pontevedra)

O MISTERIOSO TESOURO DA MONTAÑA PERDIDA

Di a lenda que un neno valente e intrépido podía atopar o tesouro da montaña perdida.

Un día unha muller tivo un fillo que era moi valente, intrépido e coraxoso. O seu fillo tiña unha misión e a nai decidiu pasar un día máis con el antes de que o seu fillo partise cara á súa aventura.

Cando esa noite o rapaz foi durmir, un ogro raptouno... Cando espertou, estaba todo moi escuro e escoitou que o ogro estaba a falar sobre o tesouro da montaña perdida.

Entón, cando o ogro durmiu, rouboulle un mapa. Na parede da cova había unha pechadura do futuro. Observou detrás do mapa e levou unha sorpresa! Detrás do mapa estaba o código para abrir a porta!

A porta era máxica e trasladouno ao país dos xigantes, e tivo moito medo mais puido chegar á seguinte porta onde se atopaba o país dos dragóns. Cada vez estaba máis preto do tesouro, pero antes de partir de novo, decidiu mercar un dragonciño.

De súpeto, o mapa aumentou e transformouse nunha enorme xoaniña que o levou até a montaña onde estaba o cofre que contiña o tesouro.

O cofre abriuse por arte de maxia, e del saíu un macaco que lle concedeu dous desexos. O rapaz desexou que o seu pai volvese á vida e que o dragonciño se convertese nun forte e gran dragón para que o levase de volta á súa casa.

CIRA OTERO PROL

3.º curso, CEIP Valle-Inclán (O Grove)

FRÍO OU CALOR?

Hai moitos, moitos, moitísimos anos, só había dúas estacións: a estación do duro inverno e a estación magnífica do verán. Quen controlaba o calor era o rei do sol, e quen controlaba o frío era a raíña do xeo.

Un fermoso día de verán, o rei, que estaba un pouco aburrido, decidiu gastarlle unha pequena broma á raíña do xeo. Á mañá seguinte, a raíña, cando se ergueu, viu que as súas folerpas de neve estaban feitas anaquiños. Esta díxose a si mesma: «Queres guerra, rei do sol, eh...???».

E esa mesma noite a raíña conxelou o seu fermoso castelo. E así formouse unha guerra. A guerra seguiu e seguiu... ata que chegou un estraño personaxe e lles dixo:

–Non deberiades estar pelexando e rifando. Se vos poñedes a pensar un pouco, veredes que ao final tedes moitas cousas en común.

Fixéronlle caso e decidiron parar a guerra para falar un pouquiño, e realmente viron que tiñan cousas en común.

Podedes imaxinar o que pasou a continuación? Pois que casaron e tiveron dous fillos. Un dos nenos que tiveron era o príncipe do outono e a nena que tiveron era a princesa da primavera. Velaí se crearon as catro estacións do ano.

Pero... nin agora en día se sabe quen era aquel estraño personaxe. Sábelo ti, quizais?

IRENE PEREIRA REBOREDO

6.º curso, CEIP Anexo A Lomba (Vilagarcía de Arousa)

A TERRA ESTÁ VIVA

En 2034 nunha humilde familia de Cambados naceu Carme, unha preciosa rapaza.

Catro anos máis adiante tamén o fixo Xosé, aínda que o parto non foi tan doado. E cando Xosé só tiña dous meses apareceu un lunar que lle provocou cancro de pel. Isto foi debido aos raios do Sol, pois no ano 2021 a capa de ozono deixou de sernos útil.

Por desgraza o cativo non sobreviviu; mais por causas do destino, nese mesmo ano veu á vida Manuel, Manuel Figueiras. Non vos soa?

Este neno foi crecendo pouco a pouco e tamén experimentando. Con dezanove anos púxose a estudar medicina e aprendeu o porqué da morte do seu irmán. Máis adiante decidiu emprender un novo camiño no mundo da enxeñería. No seu último ano como universitario comezou un proxecto que nos faría evolucionar.

Estivo traballando noite e día durante doce longos meses, e por fin despois de moito investigar creou un material perfecto para frear os raios ultravioletas do Sol. Manuel pensou durante varios días que facer, e decidiu ir a un programa de 3Dvisión para potenciar o experimento. A súa teoría foi correcta, xa que un empresario moi coñecido llo financiou.

Unha década despois, a nova capa de ozono estaba lista, mais non se decataron de que esta non deixaba entrar a suficiente luz e non había volta atrás. Todo o traballo para que ninguén sufrise coma o seu irmán foi en van, pois todas as persoas do mundo morrerían. Deste xeito comezou unha nova etapa na Terra, onde a raza humana non estaba presente.

Na actualidade, no ano 4000 d. M. (despois de Mintra), grazas aos descubrimentos dos nosos antepasados, eu podo compartir esta información con vós, dixo Irene.

E así foi como esta rapaza explicou o seu traballo na clase.

SARA PÉREZ DUARTE

6.º curso, CEIP Antonio Palacios (O Porriño)

A CASA...

Hai moito tempo nunha pequena aldea de Galiza, nunha casa que levaba setenta e tres anos precintada, unha noite de Samaín uns nenos fixeron unha aposta: quen fose capaz de entrar e estar unha media hora dentro gañaría vinte euros.

O neno que se cría máis valente aceptouna e meteuse na casa. Pasada a media hora o irmán vaino buscar, chama por el, envíalle mensaxes ao móbil, pero nada, o neno morto de medo entrou na casa para ver se encontraba o seu irmán.

Mentres tanto, noutro lugar da aldea, a nai dos nenos empezouse a preocupar xa que non aparecían. Pasou toda a noite andando polo barrio de adiante para atrás para ver se os atopaba, pero nada, nin rastro deles.

Á mañá seguinte a nai estaba moi nerviosa e chamou a policía. Eles non sabían que puidera pasar. A policía, un día, xa farta de andar a buscalos e non atopar nada, achegouse á casa e estivo chamando na porta. Como ninguén respondeu, decidiron entrar. A sorpresa foi enorme, xa que dentro non se atopaba ninguén. Segundo os veciños aquela casa debía de estar embruxada e ninguén se atreveu a entrar despois do sucedido.

Un neno que vivía xusto ao lado da casa comentaba que polas noites sempre escoitaba gritos que procedían desa casa.

Un día, farto de non poder durmir, decidiu entrar na casa sen recordar o que pasara nela anteriormente. Xa dentro, avanzaba lentamente, ata que de repente BAN!!!, o neno desapareceu ao instante, e nunca máis se soubo nada deses nenos. E o que pasa alí dentro segue sendo un misterio.

PRIMEIROS DÍAS

Abrín os ollos e, de súpeto, a luz case me cega. Metéranme nunha «caixa de madeira» que tiña barrotes e unhas rodiñas debaixo. Se eu me movía dentro dela, esta movíase dun lado para outro.

Todo se vía de cor azul ceo. Dende onde eu estaba, semellaba moi moi grande. Eu miraba arredor satisfacendo a miña curiosidade ata onde podía. Enriba de min vin unha cousiña moi xeitosiña. Se a tocaba, todo daba voltiñas e soaba unha música ben bonitiña. Tiña uns animalinhos que daban voltiñas ao son da melodía.

Eu tiña desexos de descubrir o mundo, pero era cativiño para saír daquel lugar que me abraiba tanto. Quería pórme en pé pero non era quen de facelo porque non tiña forzas para iso. Iso si, tenteino e puxen as miñas mans pequerreas nas barras daquela «caixa», na que alguén me puxera porque si, sen explicacións.

Dalgún xeito, acadei unha posición axeitada para ampliar o meu campo de visión. Púxenme tan ledco co acontecemento que a miña faciana redondiña debuxou un sorriso moi grande e decateime de que me puxeran nun berce. «Pois menos mal!», pensei eu, porque chegara á conclusión de que estaba nunha gaiola, pero non.

Ao longo da mañá alguén cunha faciana moi fermosa entrou varias veces naquel cuarto. Collérame no colo e eu tan engaiolado estaba que facía todo o que ela quería. Se cadra pensaba que era un bonequiño pequerrecho e repoludo co que se podía xogar. Eu debía facela moi feliz porque, cando abría a porta daquel lugar e ollaba para min, poñía un sorriso ben grande e falábame con moito agarimo chamándome:

–Querubín, parruliño...

Do fermosa que era, semellaba unha deusa ou unha fada.

Tsss! Ven aí.

–Ola, meu pequerrecho!

É a miña nai.

O CADRO

Era unha vez unha nena que se chamaba Claudia e unha foquiña que se chamaba Marisol. As dúas vivían dentro dun cadro que estaba todo branco coma se fose de neve. O cadro era branco porque aínda non estaba pintado. Claudia e Marisol realmente non sabían que estaban dentro dun cadro e para elas este era o seu único mundo.

Un día chegou un pintor e comezou a lanzar cores cos pinceis. Primeiro, mollaba os pinceis máis finos na pintura e logo colocábase diante do cadro e comezaba a salpicar gotas de cores. Tamén collía pinceis máis gordos e pintaba raias moi gordas. Cando todas esas cores tocaban a neve, transformábanse en soles, en lúas, en corazóns, en estrelas e en tobogáns.

Claudia e a foquiña Marisol subían aos tobogáns para coller todas as lúas e soles e todas as outras cousas. Tamén subiron a un tobogán moi alto que daba moitas voltas. E tantas voltas deron que saíron fóra do lenzo e así foi como descubriron que realmente non vivían nun país de xeo senón nun enorme cadro no que poder xogar sempre que quixesen entrando e saíndo grazas ás manchas de pintura de cores e aos pinceis.

A CASA DAS 999 VENTÁS

Hai moito tempo cerca do porto de Vilagarcía de Arousa ocorreu unha cousa extraordinaria.

Nun terreo dunha familia moi rica saíu sen máis un lago e viuse como ía para arriba unha casa; aquela casa non era normal, tiña ao parecer 999 ventás; di unha lenda que era unha ventá por cada persoa que vivira alí e uns días despois desaparecera misteriosamente e non se volveu a saber nada máis dela.

Pero era verdade que había 999 ventás? Estadades seguros?

Sete décadas despois do suceso aconteceu que unha nena chamada Mariña, de catorce anos, foi coa súa familia vivir nesa casa; ela estaba moi nerviosa, pois xa escoitara o que acontecera había tempo nesa casa, pero era tan curiosa que decidiu descubrir o porqué deses casos de desaparecidos.

Estivo buscando información entre caixas que había no faiado e encontrou unha lista de nomes de persoas que viviran nesa casa, pero decatouse de que había outro número, o número 1000, pero ao parecer non había ningún nome. Estivo bastante tempo pensando que había o número 1000, mais supoñíase que era imposible porque só había 999 ventás, non tiña lóxica ningunha.

Saíu á ventá e de repente viu coma se no tellado houbera unha cousa cuberta.

Alí descubriu unha cousa que ninguén sabía, a parede tiña unha ventá cuberta con papel; arrancouno, e xusto esa era a ventá número 1000.

Quedou sorprendida e orgullosa de resolver o misterio, pero abriu a ventá, sacou a cabeza e... BUM!!! O seu corpo desapareceu.

E ninguén soubo máis de Mariña.

O ARCO QUE PERDEU AS CORES

Era primavera e eu estaba pasando a fin de semana cos meus avós na aldea. Levanteime pola mañá e sentín que comezaba a chover. Vin que o sol tamén estaba lucindo. Saín fóra correndo para buscar o arco da vella e alí estaba. Pero había un problema, só tiña dúas cores: laranxa e rosa. O demais era todo negro. Non o podía crer. Eu escoitara dicir que o arco da vella colle auga dos ríos para subila ás nubes, e entón tiven unha idea. Iría ata o río investigar o que estaba pasando. Cando cheguei alí vin que o río estaba cheo de lixo. Decidín descubrir de onde viña aquela porcallada.

O arco seguía negro. Cando cheguei ao outro lado da montaña, vin un leñador que estaba cortando as árbores. Pregunteille se sabía quen tirara o lixo ao río e díxome que non. Pedinlle que non cortase máis árbores, e de repente empezaron a brillar outras tres cores: vermello, azul e amarelo. Só faltaban dúas cores. Seguí camiñando e vin un camiión de lixo accidentado dentro do río. Como ía limpar todo aquilo? Chamei a todos os rapaces da aldea para que me axudasen a limpar. Tardamos unha hora e, cando rematamos, xa non estaba o arco da vella. Parara de chover. Púxenme triste e marchei para a casa.

Ao día seguinte espertei co sol na cara e o arco da vella coas sete cores no ceo. Empezaba o verán. Dende entón, cando saio a xogar, sempre vexo o arco da vella sorríndome.

O OVO DO DRAGÓN

Un día no mercado da cidade de Grifmor apareceu un home distinto aos demais. Era baixiño, fraco, de pelo escuro, ollos grandes e negros, nariz bocado e boca grande. Vestía unha camisa manchada de sangue, un pantalón estragado polo tempo e unhas sandalias rotas.

Cando paseaba pola praza, acercóuselle un ancián que comezou a berrar que ese home traería sufrimento a todas as persoas próximas a el. Todos os presentes se puxeron de acordo en exilialo. Excluído da cidade, camiñou durante horas por un árido deserto ata que encontrou un campamento para refuxiados. Atendeuno un señor moreno, que lle preguntou se era Xien Lao. El contestoulle que si, e preguntoulle como o sabía. O home respondeu contándolle esta lenda:

–Comentan as voces do máis alá que un día un pobre vagabundo subirá o Pico Dragón e alí atopará unha misteriosa pedra brillante, e se ten as habilidades necesarias, esa roca abrírase e converterase nun gran dragón que apagará o volcán Flamepum.

El non entendeu nada, xa que cría que o volcán non ía estoupar. Coma se fose un sinal, a montaña emitiu un enxordecedor PUMMMM!!!, e o ceo quedou escurecido por unha capa de cinza. O home comezou a subir o Pico Dragón que, por sorte para el, non era moi grande nin moi empinado.

Nunhas dúas horas chegou á cima e encontrouse xunto a unha potente luz desprendida por unha pedra. Ao acercarse a ela, a rocha iluminouse aínda máis, e estoupou. Cando conseguiu abrir os ollos, quedou asombrado ante un fermoso e fero dragón azul claro, moi longo, con escamas e unha boca enorme. A fera observouno e indicoulle que soubese no seu lombo.

Despois, o dragón e mais o seu ocupante voaron ao volcán. Este aplacouse e arrefriou, pero levou consigo dúas vidas.

É A MIÑA AVOA!

Cando tiña catro anos máis ou menos e estaba tan chea de ledicia que non me decataba de nada, ía pasar moitas tardes xunto á miña avoa. A miña avoa era cantante de profesión, sempre me cantaba fermosas cancións no berce cando era pequeniña.

Un día de moitos que pasaba con ela, no faiado atopei unha caixa cunha fotografía dunha nena duns doce anos cantando nunha ópera. A miña avoíña comezou a contarme unha historia sobre esa rapaza...

Ao remate do século XIX había unha nena de familia pobre que tiña sete irmáns, a nena cantaba de marabilla pero aínda traballando á súa curta idade a súa familia apenas tiña cartos para comer, polo que menos aínda para pagar un conservatorio. Xa non ía á escola e traballaba para unha cantante, o traballo era duro pero non había comparación co que sentía cando dos labios desa muller saían as palabras:

–A cantar.

Pois esas palabras eran música para os seus oídos. Un día a muller para a que a nena traballaba preguntoulle se quería recibir clases de canto en París. Ela dixo que non podía porque tiña que axudar a súa familia. Entón a súa nai moi apesurada vendeu a súa única xoia para permitir que a súa filla marchase tranquila para París.

Á semana seguinte xa en París empezou as clases con tanto éxito que os profesores organizaron concertos. A muller avisou a familia da rapaza e foron vela pero para quedar. O concerto foi un éxito e a nena mercoulle á súa nai o anel máis fermoso de París.

A miña avoa rematou a historia e dixo:

–Disto hai moito tempo.

–Quen é esa rapaza? –preguntei.

–Son eu. Contestou.

Quedei abraiada, todo ese tempo era a miña avoa.

IVÁN RUIBAL SEOANE

6.º curso, CEIP de Ponte Sampaio (Pontevedra)

A FALSA PANTASMA DO PIANO

Na metade da noite sentín esa melodía no piano. Ninguén nesa casa o sabía tocar excepto eu. A tía María comprara a casa co piano e deixouno porque lle parecía precioso.

Todo comezou cando fun pasar uns días á casa da miña tía. Ao ver que o piano estaba no meu cuarto, sentínme atraído a tocar. Fun eu o primeiro que tocou aquelas teclas poeirentas. O raro era que despois de tantos anos seguía estando afinado.

A primeira noite foi todo normal pero a segunda soou unha melodía preciosa. Ao día seguinte, díxenlle á tía María que o piano pola noite soara, pero ela contestoume que non escoitara nada, que ao mellor o soñara.

Así estaba eu, co piano soando e eu na cama morto de medo. A miña nai sempre di:

–As pantasmas non existen, son imaxinacións túas.

Pero iso era de verdade. Crin que había unha pantasma no meu cuarto. Pero fun un iluso, pensei antes de indagar, porque ao levantarme da cama pasou algo que ninguén pensaría que ocorrería. Sabedes que pasou? Pois que estaba a miña tía tocando cos ollos pechados. É dicir: que a miña tía era somnámbula! Probablemente estaría soñando que era pianista profesional. Así puíden durmir tranquilo toda a noite.

Á mañá seguinte, mentres almorzaba, pregunteille á tía María que soñara, ela respondeume:

–Soñei que era unha excelente piloto de carreiras.

Iso puxo en dúbida a miña teoría...

JOSÉ MANUEL SÁNCHEZ FERNÁNDEZ

6.º curso, CEIP de Ponte Sampaio (Pontevedra)

UN SOCIO MOI PELUDO

Aquel verán era moi caloroso. O encargado da gatería da vila suaba por todo o corpo. O traballo era moi duro e, aínda que tiña un axudante, non daban feito. Díxolle ao empregado que tiña que ter un can gardián que o axudase a vixiar os gatos que querían fuxir e marchar para volver ser libres.

O home marchou a facer recados. Mentres ía camiñando por unha rúa encontrou un can abandonado, sucio e famento.

Ao chegar á gatería co can, deulle de comer e fíxolle unha caseta de madeira para que puidese durmir. O can, despois dunha longa soneca, agradecido foi onda Antón, o empregado. Este pensou poñerlle o collar que xa lle fixera con coiro e cunhas letras: «Bobi», que así era como estaban ordenadas.

Unha semana máis tarde o can xa vixiaba os gatos e ata se fixera amigo dun deles. Pero un día un gato moi traste fuxiu ao monte. Bobi, sempre atento aos gatos, deuse conta de que un fuxira. Buscou por todas as partes ata que empezou a uliscar no chan e encontrou un forte cheiro de gato. Seguiu ese cheiro e levouno ata unha casa moi escondida no medio do monte. Bobi localizou o gato xogando cun neno. Foi buscar a Antón e levouno xunto ao rapaz. Como os viu tan felices, decidiu regalarllo. Estaba seguro de que lle encontrara o dono perfecto.

Ao chegar á gatería, Antón deuse conta de que encontrara un socio moi peludo, moi chulo e moi traballador, e, dende esa, el e mais Bobi tiveron unha boa e profunda amizade.

MARTÍN SIEIRO FERREIRA

1.º curso, CEIP Álvarez Limeses (Pontevedra)

CANDO NUNHA ALDEA OS ANIMAI S FALABAN

Cando nunha aldea os animais falaban, había unha vez unha cobra que estaba atrapada debaixo dunha pedra. Chegou un cazador ao que lle deu moita pena e sacoulle a pedra de enriba. A cobra, ao estar liberada, quería comer, e o cazador díxolle que lle salvara a vida, que non podía comelo.

Mentres estaban discutindo chegou un raposo que preguntou que pasaba. Ao contarlllo, dixo que el faría de xuíz.

—Faremos o seguinte: imos empezar dende o principio, así que poñédevos como estabades.

Logo o raposo díxolle ao cazador que agora deixase a cobra así, que era como a atopara.

Agora o cazador estaba moi ledo, porque a culebra xa non o podía comer, pero o raposo dixo que el fixera de xuíz e que merecía un agasallo.

O cazador pensou con que o ía agasallar e, despois de maquinar un longo tempo, comentoulle que lle ía traer unha galiña con poliños. Marchou para a casa e chamou pola muller para que preparase rápido a galiña. A muller díxolle que estaba tolo, que a galiña non a daba, e que lle levase mellor a cadela cos cachorros. Meteullos nun saco e o cazador marchou.

Cando estaba chegando, chamou polo raposo e díxolle que se acercase polo agasallo, pero o raposo, que era moi intelixente, contestoulle:

—Serán galiñas, pero chéiranme a can.

O cazador abriu a boca do saco e saíron os cans correndo. O raposo tivo que escapar a toda présa ao alto dun outeiro, e doíanlle moito os pés.

Queixábase chorando:

—Meus peciños, meus pezás, se non fose por vós, comíanme os cans.

Ao que lle contestou o rabo:

—E eu que?

E respondeulle o raposo:

—Cala ti, rabo rabás, que aínda tirabas por min para atrás.

ANA VIDAL VILÁN

6.º curso, CEIP A Xunqueira II (Pontevedra)

ANA E O SEGREDO DA MÚSICA

Era unha mañá con frío e néboa. Ía almorzar, malia mentres baixaba as escaleiras, chamaron ao timbre:

—Un paquete para a pequena da casa.

Era o carteiro, cun sobre. Eu non sabía que había dentro, pero ao escoitar pequena, supuxen que se refería a min. Na carta poñía: «No lugar máis romántico do mundo, atoparás outra carta de Dumbo».

Soábame ese nome... Seguro que, co lugar máis romántico do mundo, se refería a París.

Despois de moito tempo, conseguín que os meus pais me levaran alí, onde está o seu hotel favorito, French, e puxéronse tan contentos que fomos pitando ao aeroporto.

Cando cheguei a París, encantoume. Antes de comezar a buscar a carta, meus pais díxéronme que estarían no hotel. Estaba a piques de comezar a procura cando... tropecei! Caín, pero o mellor foi que a atopei.

Poñía: «Ola Ana, son Dumbo, o pianista que coñeciches na túa vila. Escriboche esta carta para que saibas que agora vivo en París, buscando o famoso libro *A música*. No seu interior están as partituras de Beethoven. Se o atopo, tocareina e á xente encantaralle. Por favor, atópao!».

Púxenme a buscalo rapidamente e entrei na librería máis perta. No escaparate había un libro cun papel pegado que dicía «A BELEZA». O papel pegado caeu. Poñía... «A MÚSICA»!

Xa tiña o libro, faltábame darllo a Dumbo. Fun ao hotel FRENCH” para preguntarlle aos meus pais onde vivía. Dixeron que o pianista vivía nunha casa de cor verde, co número dous.

Cando cheguei, vino de pé, entusiasmado porque lle ía dar o libro. Deume as grazas e díxome que todo rematara.

Chegando ao hotel French para voltar cos meus pais a casa, un neno berrou:

—Esperta!

Entereime de que todo fora un profundo soño.



II CERTAME DE RELATO CURTO · II CERTAME DE RELATO CURTO · II CERTAME DE RELATO CUI

CATEGORÍA DE
SECUNDARIA



IA · SECUNDARIA · SECUNDARIA · SECUNDARIA · SE



GAÑADORA NA CATEGORÍA DE SECUNDARIA

EUGENIA GARCÍA MAGAÑA

4.º curso, IES Castro Alobre (Vilagarcía de Arousa)

QUEN DI ADEUS NON VERÁ O MAÑÁ

O corvo sobrevoou as terras de ninguén, abandonadas dende a súa creación. As árbores, despoxadas de toda vida, estaban retorcidas como marionetas oxidadas, dándolle á paisaxe un toque lúgubre e desolador. As matogueiras grises e resacas de herba cubrían todo o que alí se situara. A negra ave pousouse no chan cun leve berro, como temendo romper o silencio que inundaba o lugar. Os seus pequenos ollos cheos dunha curiosidade innata pasearon polo que tiña arredor, parándose nunha solitaria caveira intacta e tan branca que parecía irradiar luz propia, destacando na chaira paisaxe. Famento, picouna para saber de que se trataba, primeiro suavemente e, a continuación, notándoa oca, con máis saña. A súa frustración aumentou ao ver que o cranio non se abría. Que saborosos tesouros o estarían a esperar alí dentro? Cun sonoro grallo meteu o peteiro na dentadura, e comprobou que se abría. Antes de decatarse, esta cerrouse de golpe, arrancándolle ó corvo un berro de dor mesturado cun toque de asombro e terror. A caveira soltou a súa presa un instante e logo, abrindo moito a boca, tragou o corvo enteiro, fixo unha pausa e riu. Riu ata que lle caeu a mandíbula.

ANA CARBÓN CATRO

2.º curso, IES Manuel García Barros (A Estrada)

A RAPARIGA DO XERSEI VERMELLO

Eu estaba no meu cuarto, mirei pola ventá e, coma sempre, alí estaba, a rapariga do xerse vermello. Era a rapaza máis fermosa que xamais vira. Tiña a pel pálida coma a neve, e os seus ollos, azuis coma o ceo de verán. Sobre as meixelas, sempre rosadas, había tantas pencas como estrelas na noite. O seu nariz era pequeno e fino, a punta poñíase vermella co frío. Roubáralle a cor aos amorodos para poñela nos seus carnosos beizos, sempre riseiros, para deixar ver os seus brillantes dentes. Tiña o pelo liso e louro coma a palla pero, ao contrario desta, tiña un forte brillo e viveza. Sobre a súa fronte caía unha perreira alborotada que chegaba xusto ata as súas estritas e alongadas cellas.

Non sabía nada dela, pero por todo o que a levaba observado dábase a sensación de que a coñecía de sempre. Sempre no mesmo sitio, baixo aqueles soportais; sempre con aquel xerse vermello e sempre con eses enormes ollos abertos para que a visen, esperando que algún día chegase alguén e a sacase desa melancólica pobreza.

Non sei que sería dela. Un día desapareceu e non volví vela. Pero agora, cada vez que vexo unha rapaza cunha melena louira coma a dela acórdome desa nena, a rapariga do xerse vermello.

OLALLA CASTRILLO SÁNCHEZ

1.º curso, CPI Manuel Padín Truteiro (Soutomaior)

AS RABUÑADAS DO CORAZÓN

Dende pequena Tareixa quixo ter un gatiño co que xogar. Os seus pais non. Dicían que a ía rabuñar. Un día o gato do veciño rabuñouna cando ela intentaba acariñalo. Entón comezou a odiar os gatos. Cada vez odiabaos máis. Cando miraba algún, dáballe patadas ou imitaba un can para que liscase decontado.

Un día atopou un estraño boneco con forma de gato diante da porta da súa casa e deulle unha patada. De súpeto, sentiu que ela empezaba a enguller. Intentou pedir axuda pero só lle saíu un *miau!*. Asustada, Tareixa correu a mirarse a un espello e soltou un berro. No lugar da súa imaxe víase a dun gato.

Aínda estaba contemplándose sen dar creto ao que vía cando entrou a súa nai na casa. Ao ver o felino berrou e deulle patadas ata que o botou á rúa.

Tareixa estaba desesperada e non sabía que facer para volver ser unha persoa. De súpeto, lembrouse do boneco. Se a transformara en gato... tamén podería deixala coma antes!

Nada máis collelo cos dentes oíu o ladrado dun can e, asustada, botou a correr cara á súa casa. Unha vez dentro tivo que evitar á súa nai, que estaba chamando por ela, e conseguiu esconderse co boneco no seu cuarto. Subiu á súa cama, colleuno, acariñouno, mirouno ben... pero non sucedeu nada. Desesperada, botou a chorar. Ela, que odiaba os gatos, víase transformada nun deles. Xurou que nunca máis volvería maltratar un gato e as bágoas esvararon polos seus bigotes ata que quedou durmida.

Á mañá seguinte todo parecía estar coma sempre, ou case. De novo sentía que quería ter un gato. E convencería aos seus pais. Ou, senón, que lle desen unha patada ao seu boneco.

MIRELLY LIZBETH CHAFLOQUE

4.º curso, IES Frei Martín Sarmiento (Pontevedra)

ENTROIDO

Alí se encontraba Elena, na festa do Entroido á que as súas amigas case que a obrigaron a ir. Ela non tiña ganas, pensaba que ía ser un aburrimento coma todos os anos; pero en canto botou unha mirada ao lugar, cambiou de idea. A decoración e a iluminación eran fantásticas, os disfraces moi orixinais e con moita variedade de todo, e a comida tiña unha pinta! Espérame unha boa noite, díxose.

Estaba dando unha volta polo enorme salón cando viu unha curiosa parella, a Morte e Carapuchiña Vermella, literalmente. Detívose a certa distancia mentres eles falaban animadamente, pero ela só podía interpretar a conversa mediante os xestos e as caras. Rían, bailaban, bebían... Pero de súpeto, a conversa tivo un xiro inesperado, o mozo debeu dicir algo malo porque a cara da súa acompañante cambiou, xa non estaba alegre, estaba molesta e ferida. Marchou case correndo a outro sitio.

Elena tivo un mal presentimento sobre iso en todo momento, pensaba que algo ía mal, que algo malo pasaría. Non soubo o que ata que as portas dun ascensor se abriron e toda a xente estaba alí diante, querendo saber o que pasaba. Era Carapuchiña. Sentada no ascensor. Cunha mazá mordida nunha das súas mans. Estaba morta.

De súpeto, o espertador soou. Elena espertou e foi mirar que disfrace ía poñer esa noite.

JULIEN FABRICE COURCIER

4.º curso, IES Gonzalo Torrente Ballester (Pontevedra)

AS VERBAS ESCRITAS MATAN

Unha nota ascendeu rachando o aire nalgunha parte daquel inmenso salón. Unha segunda nota seguiu a primeira acompañándoa con aire entristecido. E o piano enmudeceu. O piano enmudeceu acalado pola soidade da mansión.

O home levantouse con pesar e, camiñando xa case sen forzas, emprendeu o camiño ao seu cuarto. Unha onda de recordos invadiuno cando atravesou a porta do vestíbulo. Unha muller que sorría, dous nenos que rían co seu ton de bebé feliz... E bicos, apertas, bicos, sorrisos, bicos, ledicia, bicos, bicos, bicos...

As fotografías que adornaban o corredor observárono pasar co seu pesar baleiro, as táboas de madeira queixáronse de dor baixo o peso moral que carrexaba o pobre infeliz, as lámpadas pestanexaron dando a comprender que o entendían, e os muros da mansión medraron para protexer o espírito de quen xa nin existía, do home que abandonara o mundo decidido a marchar lonxe, moi lonxe...

Entrou nun cuarto murcho. Murcho polo paso do tempo. Había moreas de libros, po vello, papeis sen orde, e dor, sobre todo moita dor. Esa dor nostálgica que impregna todo cando unha persoa nos abandona.

Sentou nunha cadeira e colleu unha pluma de tinta negra. Alzouna coa memoria brotando dos seus ollos coma pingas douradas, e escribiu sen medo o que lle ditaba o seu dorido corazón. O son dun coche estrelándose nalgures invadiu a súa cabeza, o son dun bebé chorando rompeu o silencio do mundo coa sutileza dunha agulla, e a pluma comezou a deixar de escribir, xusto no intre no que o papel dicía: «A vida é coma unha pluma, cando deixa de escorregar a tinta, morre...».

E ao tempo que unha das bágoas marcaba o papel baleiro, a mansión de mármore esborrallouse canda el. Era a hora de regresar con quen debían.

A BONECA DE PORCELANA

Era unha vez unha pequena aldea chamada Porcelana Máxica, alí vivía unha pequena bonequiña, chamada Mariola. Sempre xogaba cos seus amigos, era moi feliz, ata que un día chegou unha noticia á aldea e dicía así: «Queridos habitantes de Porcelana Máxica, queda prohibido saír á rúa para sempre debido á chegada de Anastasia, a bruxa do mundo máxico!».

A Mariola caéuselle a alma ao chan, non podería xogar máis cos seus amigos nin cos animais. Pasado un tempo chegou unha mociña nova e descoñecida á aldea, e petou na porta de Mariola buscándoa.

–Ola, son Adela, viña buscando a Mariola, mandoume o rei do mundo máxico para axudar a desterrar a Anastasia e necesito a axuda de alguén que coñeza á perfección este lugar.

–Eu son Mariola, encantada de axudarte. Imos, veña.

Pasado un tempo xa percorreran a maioría do mundo máxico. Mariola estaba tan contenta de volver pisar a rúa segura! Ía cantando e collendo margaridas mentres saltaba e danzaba. Ata que chegaron á entrada dun bosque escuro, cunha néboa espesa e intensa que non deixaba ver absolutamente nada. Escoitábanse cantar os grilos, cantar os mouchos... De súpeto, escoitouse un berro. Mariola agochouse tras as pernas de Adela e continuaron o seu camiño. Alí estaba ela, a bruxa, co seu sombreiro e a súa vasoira.

Pasado un tempo conseguiran desterrar a bruxa, pero Mariola descubriu que nunca acompañara a unha meniña, senón á verdadeira bruxa. A meniña que axudaría ao pobo fora desterrada pola verdadeira bruxa e, a partir dese momento, Mariola non se fiou máis de ninguén que viñese dunha aldea descoñecida ao mundo máxico. Cando Adela se decatou de que Mariola a descubrira, colleu a súa vasoira, saíu voando e non volveu máis.

Xa sabedes meniños, nos vos fiedes de descoñecidos.

LAURA E O CONDE

Como pode vivir un feliz sabendo que un malvado conde ten presa a túa nai? Esas eran as penas da princesa Laura. Xa pasaran cinco anos dende a mañá na que uns homes encapuchados, mandados polo conde Rómulo, levaran con eles a raíña Branca. Cando todo iso sucedera, Laura aínda era unha nena, pero agora, con dezaioito anos, xa consideraba que estaba lista para actuar.

–Alá vou mamá, penso salvarte –dixo decidida un día.

Vestiuse coas roupas propias dos campesiños do seu reino, pois non quería que ninguén soubese da súa partida. Unha vez na rúa, dirixiuse ás montañas do norte, aquelas nas que habitaba o desapiadado home. Díciase del que era un vampiro.

Despois de moito camiñar por fin divisou o castelo, achegouse a el e entrou. Nun gran trono estaba sentado o conde Rómulo, que non semellaba un vampiro, pero cando a moza o observou de cerca sorprendeuna descubrir que o conde era... unha muller!

–Unha muller é a que ten presa a miña nai dende hai cinco anos? –preguntou Laura con indignación.

–En efecto. O meu verdadeiro nome é Iria, o conde Iria. A xente adoita temer máis aos homes.

Laura, asustada, fuxiu de alí e buscou desesperadamente a súa nai antes de que o conde a capturase a ela tamén. Atopouna nunha escura cela e guiouna ata o exterior. Pero o conde Iria interpoñíase entre elas e a saída. Entón, farta de esperar, lanzouse contra a muller. O resultado non foi o esperado, pois cando a luz do sol tocou a pel do conde, este converteuse en cinzas. Resultou que o conde Iria si era un vampiro e non volveron saber máis del.

SALVIA IGLESIAS MARTÍNEZ

3.º curso, IES Gonzalo Torrente Ballester (Pontevedra)

QUE VES SE PECHAS OS OLLOS?

O mundo non sempre é sinxelo de comprender. Ás veces as cousas non saen como nós pensamos; pasamos medo ou tristeza, e nalgúns momentos cremos que as situacións non se arranxarán. Caemos ata o fondo dun pozo escuro do que nos custa saír, pois aínda que gritemos, non nos axudan. Que podemos facer neses momentos? Pechar os ollos e respirar.

Cando cubrimos de negro o noso campo de visión unha nova terra esténdese diante de nós, un novo espazo, un novo mundo... Nese lugar non pasas fame nin morres de frío, non escoitas desgrazas nin ves a maldade; as persoas son boas e non se matan entre elas polo goberno dun país. A escuridade non existe e a traizón tampouco, non tes medo.

Nese mundo ti es o rei que goberna con xustiza, o que salva a xente, o máis bo e forte, o inmortal. Podes gritar aos catro ventos e que eles te escoiten, navegar polos ceos en compañía de dragóns xigantes, escalar os mares e respirar baixo a auga. Podes voar e ser libre de chegar ata as estrelas e tocalas cos dedos, vivir nun castelo feito de area e sal no máis alto das montañas verdes, ler libros que só conteñan recordos e soños felices cheos de aventuras, ao mesmo tempo que cabalgas sobre un fero león...

A imaxinación dános a posibilidade de cambiar as cousas como quixésemos nós. Nada pode quitarnos iso; nin a fame, nin o frío, nin o medo.

Agora xa sabes que facer, se non che gusta o que ves no teu mundo, para un momento, respira e dime:

–Que ves se pechas os ollos?

MIGUEL LEIRO GRANDE

4.º curso, IES Francisco Asorey (Cambados)

LONXE DA CIVILIZACIÓN

Nin na miña e fermosa Galicia facía a calor que hospedaba aquel lugar, apartado de todo mundo, basicamente outro planeta, primitivo, unha face sen rostro.

Aquel inhóspito lugar non tiña descrición ningunha na miña mente atormentada. Cun ceo cuberto por unha tímida cor azul, os raios do sol cravábanse na pel atravesando o noso uniforme habitual. A calor persistía ata na sombra. Chegabamos ao punto máis hostil dese lugar. A aeronave descendía lentamente facendo que a area se alzase coma un espírito. Saímos rapidamente cara a unha zona de cuberto, levando connosco un peso que só podía soste a adrenalina que facía de nós un ser distinto e máis poderoso. Xa a cuberto, observaba o lugar onde me atopaba, seco e areoso, ruinoso e empapado con charcos vermellos que desaparecían ao pouco. Chovía, non auga, senón chumbo, aceiro e demais, unha chuvia que se evita con tesón e axilidade, unha chuvia que vai por ti. Alí a auga era un ser en extinción. Mil e unha cousas rondaban a miña cabeza, pero ningunha se detiña para ser observada con tranquilidade. A sensación que percorre o teu ser é increíble e ao mesmo tempo arrepiante, sentes medo e valentía á vez, sentes nostalxia do mundo que te viu nacer, sentes soidade aínda que sexa todo o contrario ao que te rodea, unha mestura de emocións e sensacións indescribibles. Só quería volver, volver cos meus seres máis queridos, que nese mundo eran todos os que habitaban o mundo civilizado onde eu medrei. Bótase en falta. Este lugar, inhóspito, seco e areoso, ruinoso e mortal, chámase guerra. O inferno dun mundo onde cremos que a paz reina.

LAURA LÓPEZ REY

4.º curso, IES núm. 1 (A Estrada)

DE COMO A MÚSICA ORIXINA MÁIS MÚSICA

Cos auriculares nas orellas e pulsando o botón de inicio do meu reprodutor de música, comezo a evadirme do mundo. Cando teño que tomar decisións importantes escoito música. Gústame pensar con música, os meus pensamentos entrelázanse cun delicado solo de guitarra, cunha perfecta composición de piano, cunha rota, pero doce voz. Introdúzome no meu nirvana musical, fusiónome cos acordes, exhalo os arpejos, saboreo cada melodía. Concéntrome para ser simplemente una nota máis da canción.

Persigo coa vista un gorrión que segue o seu traizoeiro reflexo no cristal da ventá do tren no que viaxo. Observo como as árbores bailan ao compás do vento. As follas caen delicadamente tras un longo valse. As gotas de choiva sobre o cristal fan carreiras para ver quen é a máis veloz.

Música. Outono. Choiva. Natureza. Aquel momento era perfecto.

Cando o tren se detén para deixarme no meu destino, no meu soño, xa case tiña a decisión tomada. Camiñei sen determe demasiado, esquivando as pequenas montañas de restos da grandeza perdida e esquecida daquela antiga estación. Imaxino como puido ser no pasado, ategada de xente atarefada. Os homes, vestidos con elegantes traxes de *tweed* e, as damas, con fermosos e pomposos vestidos de flores. Pero nunha esquina, coa vista pegada nos mosaicos debuxados nas frías baldosas, hai un músico que intenta gañar o pan de todos os días facendo soar o seu triste violín.

Por fin, decídome e atino a dicir:

–Loitarei, loitarei para ensinarlle á xente todo o que son coa miña música. Para iniciar una pequena revolución. Para iniciar a miña revolución.

JAVIER MARTÍN ESPIÑO

2.º curso, IES Sánchez Cantón (Pontevedra)

O ESQUECIDO

Que soño tan fermoso tiña, un campo de chocolate con flores de caramelo, que pena que soase o espertador. Levanteime e fun cara ao baño, ducheime con auga fría e almorcei leite e torradas, en fin, un día coma calquera outro. Ao rematar o almuerzo soou o teléfono. Que estraño, ninguén chama a estas horas.

–...

–Ola, mamá!

–...

–Xa! Teño que ir recoller o avó á residencia.

–...

–Que que non me esqueza de que?

–...

–Non te escoito.

–Mamá, estás aí?

Cortouse, que raro. Mirei o reloxo, que tarde é! Saín á rúa, correndo cara á radio mentres pensaba nas palabras da miña nai. Que era o que non debía esquecer? Non o lembraba. Entrei na radio un pouco antes de comezar a gravar. Despois de estar toda a mañá traballando, fixemos un receso para xantar. Fun cuns amigos a un restaurante cerca de alí, nese intre volveu soar o teléfono. Que estraño, ninguén chama á hora de xantar!

–Ola, Ricardo ao aparato.

–...

–Ah, ola, Xabier, xa sabes que agora estou traballando.

–...

–Si, mamá xa me chamou.

–...

–Si, díxome algo que non tiña que esquecer, pero...

–...

–Espera, non chegou a contarmo!

Nada, xa colgara. Xa eran dúas as persoas que me dicían iso. Pero non lograba acordarme de que fora o que esquecera. No traballo recibín mensaxes dos meus amigos dicindo o mesmo: «Non te esquezas».

Nada máis chegar á casa tireime na cama disposto a durmir, xa eran as catro e estaba desfeito. Levanteime e fun á cociña tomar unha cunca de té e, ao pasar ao lado do calendario case me dá un ataque ao corazón. Xa sabía do que me esquecera e saín pola porta a todo correr. Hoxe ás cinco ía casar, como podía esquecelo?

DIACRONÍA

Paulo, tumbado na cama pensa, coma todas as mañás nos últimos meses, o agoniado que o pon o son intermitente do respiradoiro que o permite seguir atado á vida.

Crecera en Galicia. Gustáballe recordar os montes, prados e campos da súa terra natal, sempre todo tan verde. Había corenta anos que non ía. O tempo pasara por el tan axiña que nin o vira. Non cumprira ningunha das súas metas na vida, salvo a de ser pintor; non casara, aínda que si tiña unha filla, unha filla que non vira nunca e da cal non sabía nada. Súa nai xamais lle permitira acercarse a ela e aínda que o lamentase, Paulo carecía de instinto paternal. Marchara de Galicia para afastarse dunha muller á que non quería, dunha filla á que non se cría capaz de coidar e dos recordos do amor dunha rapaza que sempre intentara esquecer.

Agora, aos seus setenta anos e ao borde da morte, sabendo que ninguén o esperaba máis alá da vida e que ninguén lamentaría a súa partida, dábase de conta de todo o tempo que malgastara. Daría todos os recordos que lle quedaban, o único con valor que posuía, por poder contemplar neses últimos momentos da súa vida, novamente, o rostro desa rapaza que tantas noites en vela lle causara de mozo; por poder ver a súa filla por primeira e última vez e poder comprobar se os esbozos que fixera dela durante a súa vida se aproximaban algo á realidade ou, polo menos, morrer dentro da súa querida Galicia. Así, tan sequera, morrería rodeado de algo que quería.

Os seus ollos, xa carentes dese brillo tan característico da xente namorada da vida, apagábanse máis cada día que pasaba, e é que xa non lle quedaba nada, nin tempo, nin forzas.

TANIA NEIRA IGLESIAS

4.º curso, IES núm. 1 (A Estrada)

ESQUECEREITE

Coma sempre, o ritmo da vida non me permitirá recordarte.

Non te borrarei dos meus pensamentos; simplemente terei que continuar, aínda que sexa a rolos.

Descubrirei que en realidade non te quería a ti, senón a quen eu creei no meu maxín fundamentándome no que xa coñecía da túa persoa. Tamén que nunca poderei amar a ninguén por quen é, pois nunca será el. E nunca poderei querer a alguén porque cambiará, e eu con el. E nunca poderei querer a alguén porque o tempo vaise antes de atopalo.

Nunca poderei querer sinceramente porque ese concepto non existe na miña realidade.

Iraste e non te estrañarei. Continuarei a ser a mesma persoa baleira que era cando te tiña ao meu carón; oca por dentro, sen sangue nas veas, sen corazón que latexe, sen fe, sen forza motriz que me mova, sen teoría fundamental na que basearme e, en fin, sen ti e sen tantas outras persoas que me deixaron soa e me converteron nun mar de xeo con cada bágoa de dor.

Os recordos pareceranme soños e os soños, recordos. Darame medo pensar no pasado porque cada pensamento será unha dúbida latente de que todo o bo que algún día vivín quizais non acontecese en verdade, senón só na miña mente...

Esquecereite...

ALEJANDRO OGANDO CORTÉS

4.º curso, IES Johan Carballera (Bueu)

ANXOS NEGRO

A luz da lúa iluminaba o regueiro carmesí que deixaba tras de si. O número de cadáveres pálidos aumentaba noite tras noite, sen excepcións. O branco dos seus dentes era arrepiante, un rumor tétrico escapaba do seu alento fresco e rexuvenecedor, un traxe branco e impoluto marcaba a súa extrema delgadeza e realizaba a súa desmesurada altura. Os seus ollos, co brillo do máis puro cristal, penetraba na alma dos que os miraban, facéndoa arder coa paixón de todos os amores non correspondidos do inferno.

Sempre, antes do abrente, se acercaba a unha dama da noite facéndoa morrer por outra visita, que sería a derradeira cita da súa vida, e sempre era ao día seguinte de coñecer o galán máis enigmático e atractivo que este mundo cruel creou.

A fría noite acompañaba o seu afiado rostro, que deixaba tras de si ese río carmesí que pingaba do seu cálido sorriso, unha macabra imaxe que o mundo creou para coroar a tétrica creación dun sádico Deus, un Deus que busca a destrución da súa última e máis esplendorosa creación. O noso galán, frío polo día, ardente pola noite, é en realidade o fillo dos ceos, mensaxeiro do máis estremecedor presaxio divino, que sementa os aires aciagos da morte, os aires dunha realidade inminente.

EU NON SON PARVO

Eu non son parvo, seino. Miña nai bérrame seguido e meu pai pégame co cinto todos os días cando ela non está. El si que está tolo, eu non. Uxío é o meu mellor amigo, pasamos os días xuntos. Meus pais din que son parvo, que estou tolo; Uxío dime que son especial. Eu non estou tolo.

Estou estudando, Uxío entra pola fiestra, non sei como o fai. Dime que esta noite iremos ao zoo; a min a idea non me gusta. Nese intre entra a miña nai berrándome para que baixe a cear. Vaise. Non sei como non viu a Uxío que está tamén no cuarto. Debe estar despistada. Uxío convénceme para irme con el.

Marchamos, nin conta se deron. Vai frío pero o zoo está moi preto. Vivo no monte da Madroa. Chegamos e dirixímonos cara aos leóns. O único que me separa deles é un enreixado e un pequeno lago. Uxío trepa polo enreixado e entra no recinto. Que raro, os leóns non o miran, só miran para min. Uxío dime que se non entro non son valente. Parecen inofensivos. Son valente, non son parvo.

Subo o enreixado, esvaro e caio na auga. Afúndome. Saco a cabeza, asustado. Uxío sorri. Que lle fai grazza? Miro cara atrás e vexo unha leoa abalanzarse sobre min. Noto os dentes desgarrándome a perna, berro todo o que podo. De pronto xa non escoito nada.

Pode que os meus pais tivesen razón, son parvo. Pode que, como eles sempre dixeron, Uxío non exista. Pode que aos dezaseis anos eu aínda teña un amigo imaxinario e, grazas a el, agora estean mordéndome enteiro. Pero xa nada me doe, xa non escoito nada, todo é negro. Nada, non sinto nada. Apágome. «Son parvo», é o último que penso. E de súpeto, nada.

UNHA MAÑÁ DESASTROSA

Martiño era un neno de doce anos coma outro calquera. Unha mañá de verán levantouse da cama e encontrou unha nota que dicía: «Martiño, son mamá, volvo ás tres, tes a comida no microondas». Martiño almorzou e púxose a xogar coa consola. De súpeto pegou un chimpo de alegría por pasar un nivel do seu xogo preferido, e sen darse conta rompeu o floreiro novo da súa nai. A nai compráralo uns días antes na nova tenda da esquina. Martiño non sabía que facer nese momento, así que púxose a chorar pensando no castigo que lle poría a súa nai. Despois dun rato tranquilizouse e mirou o reloxo, tiña tempo para que se lle ocorrese algo. O primeiro no que pensou foi na cinta adhesiva, pero non serviu para nada. Despois ocorrúselles coller a cola do terceiro caixón do escritorio do seu pai, pero non pegaba, a cola debía de levar xa alí dous ou tres anos. O reloxo deu as dúas, polo que tivo que recorrer ao último plan: comprarlle un reloxo novo. Colleu os seus aforros e comprou un idéntico. Cando chegou quentou a lasaña que lle deixara a nai e comeu sen moito apetito. A nai chegou uns minutos antes das tres, preguntoulle que tal o día e el fíxolle un xesto de indiferenza. Despois dun anaco a nai colleu o floreiro e tirouno coma se nada. Rapidamente el preguntoulle por que o facía, ela explicoulle que onte lle caera e lle rompera un anaco. Uns días despois Martiño contoulle o que pasara e a nai riuse e deulle o diñeiro que custara o floreiro.

FABIO RIVAS PARDO

3.º curso, IES A Xunqueira II (Pontevedra)

O AROMA DA MORTE

O son da vida é semellante ao dun axóuxere nas mans do meniño. Cando comeza non é máis que o ruído sinxelo dos cascabeis empurrándose no seu interior. Pero ao rematar, para a buxaina que adoitaba xirar entre os teus pulmóns. A metamorfose do todo á nada é fugaz e enfeitizada coma un lóstrego.

E silenciosa coma unha bágoa...

Observas o meniño e ves reflectido nel a outra persoa. «Quen é?», pensas. A súa ollada verde mergúllate nunha atmosfera tenra e doce pero engaiolada nun reloxo de area quedo hai infinidade de tempo. Sentes o plácido tacto dunha xoaniña que sube pola túa perna. Mírala. O meniño tamén a mira e móstrache o seu sorriso espido e baleiro de dentes. Sorrís ti tamén e volves pensar. «Quen será?».

Percibes o recendo a flores do seu cabelo. Xasmín? Non. Madreselva. A súa fragancia hipnotízate. Pechas os ollos e viaxas a un lugar escuro, deserto de vida pero cheo de lembranzas. Oes, ao lonxe, o miudiño son dunha fervenza e a imaxe comeza a iluminarse. Un arrepío percorre a inmensidade do teu corpo e distingues unha parella. Non unha parella de acaramelados rapaces, non. Unha parella de melancólicos e morriñentos anciáns suxeitos polas mans. O home comeza a chorar subitamente e a muller apértalle o pulso coa pouca forza das súas maltratadas mans. Ela tamén chora e volve apertar con máis ímpeto. O home saca da americana gris dúas fotografías. Nunha delas obsérvase, en branco e negro, o neno que sostés nos brazos xunto a unha parella nova. Na outra obsérvaste ti sorrindo, apertado coa parella de anciáns. As fotografías son no mesmo xardín. Ilumínase o resto da imaxe e comprobamos onde están. O ancián tira ao chan uns pos procedentes dunha urna.

Abres os ollos. Recoñeces as respostas ás túas preguntas. Choras.

ASIEL RODRÍGUEZ GONZÁLEZ

2.º curso, IES Manuel García Barros (A Estrada)

O BALÓN MECÁNICO

Xaquín xogaba ao fútbol, pero como era tan malo xogaba de suplente. Xogaba un minuto por partido, ata que un día se enfadou e chamou ao seu profesor de tecnoloxía para que lle axudase a crear un balón que metía gol el só. O seu profesor era moi listo, pero era moi feo e un pouco prepotente.

Estiveron unha semana creándoo, ata que se foi a luz e se avariou o traballo que realizaran. Xoán enfadouse moito e non quixo traballar máis co profesor de tecnoloxía. Foi á súa casa e comezou a crear outro balón. O balón tardouno en crear un mes e medio, pero o traballo realizado deu os seus froitos. Estívoo probando durante un mes no xardín da súa casa, ata que chegou o día de xogar a final do campionato nacional. O adestrador púxoo de titular porque metía moitos goles, grazas ao balón, nos adestramentos. Resultou que no último momento ían empatados a douses e tiñan que tirar un penalti. O adestrador dixo que o tirara Xoán. El colleu o balón e colocouno no punto de penalti, ía ser un gol seguro grazas ao balón. Tirou o penalti e fallouno porque o balón se avariara e, na prórroga, perderon. Todo o mundo lle botou a culpa a Xoán. El pasou o peor día da súa vida.

MARÍA ROZADOS BALBOA

1.º curso, IES Manuel García Barros (A Estrada)

HISTORIA DE VALENTINA

Lémbrome como se fose hoxe daquel vinte de setembro que Valentina chegou á nosa clase. Había tempo que estabamos avisados de que unha nena estranxeira chegaría ao noso instituto como alumna de intercambio, e todos agardabamos con incerteza a chegada daquela nena de Italia.

O día que estaba previsto que chegara a rapaza todos estabamos moi emocionados e, cando o reloxo deu as dez, axitámonos nos asentos e, un anaco despois, vimos a Valentina. Co seu pelo castaño e a pel morena. Tiña uns ollos negros coma o ébano e vestía un vestido branco de flores, unhas sandalias abertas e unha rosa no pelo. O máis bonito dela era o seu sorriso, que enchía a sala de alegría. Era coma unha estrela que brillaba con luz propia no inmenso ceo. No recreo esperei a que estivese soa e díxolle:

–Ola, chámome Antía. Sabes falar galego?

Mentres esperaba unha resposta vin como intentaba falar, pero da súa boca non saían palabras. Avergonzada, foise correndo.

Ao día seguinte Valentina levaba de novo unha rosa no pelo.

–Perdón –díxome con timidez.

Antes de que puidese dicir nada fíxome un xesto coa man. Entón deilla e levoume correndo ata unha árbore. Valentina entregoume unha folla de papel que tiña escrito un poema en italiano. Aínda que non entendía o que dicía, parecíame precioso.

Pasou o tempo e a miña amizade con ela crecía cada día máis, pero Valentina tivo que volver para Italia. Todos nos reunimos para despedila e, cando cruzou a porta, quitou a rosa que levaba no cabelo e deuma.

–*Grazie*, Valentina –dixen.

Sorriu, como sempre facía, e díxome:

–Grazas, Antía.

E mentres marchaba, cunha bágoa nos beizos, eu miraba a súa rosa: a nosa rosa, que aínda que murchase, sempre lembráramos.

LAURA SÁNCHEZ CASTRO

4.º curso, IES de Mos

SÓ QUEDOU EL E O MACHISMO

Comprende que non era pasaxeiro, que xa tiña aguantado moito, que non merecía aquilo e quixo fuxir. Aborrevera aquelas pantasma que sempre volvían, ás veces máis negras que transparentes e con máis remorsos que contas pendentes, sempre para lle traer dor. E volveu sentir aquela sensación de invisibilidade, de ser tan só *algo* que sofre en silencio.

Xa non tiña nada, quitárallo todo excepto aquelas marcas que tanto se levan por fóra como por dentro. Atopábase na mesa, á luz dunha candeia e co case imperceptible son dunha radio lonxe de calquera frecuencia, coa face soterrada nas mans mentres as salgadas bágoas da realidade escorregaban polas súas fazulas, buscando aquelas ganas de vivir que desapareceran cando o seu soño tornara en utopía e as súas esperanzas nos seus maiores medos.

E xa non quixo saber máis de nada nin de ninguén.

Colleu unha folla e unha pluma, remexeuse no asento e, despois dun fero suspiro coma quen ameaza coa morte o papel, comezou a escribir entre silandeiros saloucos a súa despedida.

E foise, condenando cun portazo a todas aquelas sombras de maldade a unha soidade eterna coa peor das bestas que coñecera e que agora deixaba alí. Foise coas aflicións na alma, ca maleta na man e, despois de tanto tempo, cunha escintilante luz de esperanza nos seus ollos de muller.

MARTA SANMARTÍN ANDÚJAR

2.º curso, IES Manuel García Barros (A Estrada)

A CAIXA DA AVOA

–Miña nena, tan guapa, con cabelos negros... Miña parruliña, tes uns ollíños verdes... E tes mozo? Digo eu, como es tan guapiña!

–Non, avoíña. Teño 10 anos.

–Non importa! Eu á túa idade tiña o teu avó detrás todo o tempo!

–Xa me gustaría a min ser tan fermosa coma ti e tan boa persoa.

–Uxía, es unha moza tan fermosa que ata unha rosa morrería por ser coma ti.

A pequena nena colleulle a man e deulle un bico e díxolle:

–Agora é mellor que descanses, mañá hai que ir á feira, non o recordas?

–Si, é certo. Pero antes vouche dar unha cousiña. Ves esa caixiña? Achégama, bonita. Esta caixiña leva comigo desde que tiña seis anos coma ti, contén un colar. Vou morrer pronto, filliña, e quero que ti o teñas. Agora vaite, falaremos mañá. Un bico.

A nena, sen darlle moita importancia, foi para a súa cama pensando nun colar fermoso, con perlas e con adornos. Xa pola mañá, a nena de cabelo negro que resalta coa pálida pel que reflicte pola mañá esquecérase de todo o que pasara onte pola noite. A súa avoa chamouna e foi correndo.

–Uxía, acórdaste do que che dixen onte?

A nena case se esquecera, pero non tardou en recordalo cando a súa avoa lle ensinou a caixa. A avoa sacou unha cadea cunha chave enferruxada. Gárdaa moi ben, é o meu tesouro. A súa avoa morreu enferma.

Un día acordouse da chave porque encontrou unha caixa que encaixaba coa chave da súa avoa. E dentro había un poema:

*Fermosa es ti,
nena da miña mirada.
Nunha noite de choiva
cheguei á túa casa.
Ollos verdes, pencas e un vestido,
negro pelo no meu alpendre.
Unha triste mirada na túa cara,
chegou a min mollada en lágrimas.*

SARA SANTOS NOVOA

2.º curso, IES Manuel García Barros (A Estrada)

A CARABUÑA DA CEREIXA

Eu chámome Xoana. Son unha nena que vive en Taski. Nesta aldea tómannos a todos por tolos, pero non o somos.

Todo empezou no mes de xuño, na festa da carabuña da cereixa. Esa é a miña festa favorita, nela elaboramos unha especie de amuletos con carabuñas de cereixa para aloxar a Santa Compañía. Ao día seguinte, cando ía para o colexio, perdín o amuleto, pero non lle dei importancia, non cría na Santa Compañía, pero a miña avoa non me deixaba ir sen el.

O 24 de xuño viña da festa de San Xoán por un camiño deserto e vin unha especie de luz. Ao principio pensei que eran fogos da festa, pero deime conta de que era unha luz estraña cunha sombra, era a Santa Compañía, que apareceu da nada, e empecei a correr. Pero, de repente, vina do outro lado, estaba atrapada! Recordei que as carabuñas da cereixa me poderían salvar, se é que daba chegado ata a cerdeira da praza da miña aldea.

Comecei a correr e vin que a Santa Compañía desaparecía, e cando parecía que marchara apareceu detrás e case me toca. Pero nese momento caín, levanteime rapidamente e funme directamente á praza da aldea, onde estaba a cerdeira. Cando cheguei alí abaneei a cerdeira e caéronme unha chea de cereixas enriba e a Santa Compañía marchou.

MARÍA ISABEL SEOANE MÍGUEZ

4.º curso, IES Pedras Rubias (Salceda de Caselas)

O DERRADEIRO

Mirou arredor de si; o caos asomaba polos catro costados. A miseria estendíase ata onde non lle alcanzaba a vista, xunto aos cadáveres putrefactos que se amontoaban nas rúas e o forte olor a sangue que comezaba a darlle náuseas.

Removeuse entre os entullos nos que se atopaba sentado, intentando evocar o acontecido apenas un par de minutos antes. Sentiu como os seus recordos viñan á súa mente como unha labazada ben dada. E viuno, como unha película a cámara lenta. Como estaba a escapar coa súa noiva e un daqueles zombis saíra da nada para despezar a Natalia sen apenas esforzo. Como el fuxira de xeito covarde, intentando librarse do mesmo catastrófico destino ca ela, e ca o de todos os seus coñecidos.

E o tremor das súas mans volveu, xunto ao medo a disparar a aquel corpo en descomposición que fora o seu irmán ata había apenas uns segundos. E tamén a impotencia, o medo, a dor ás innumerables perdas que soportara en tan só vinte e catro horas. Pero agora nada daquilo importaba; aquela dor seguiría latente no seu peito, mais agora o futuro era o que importaba.

E aí estaba el, no medio da nada, cunha arma en man e sen saber que facer: se renderse, ou ser o último en seguir loitando.

MÓNICA SILVA VICENTE

2.º curso, IES Manuel García Barros (A Estrada)

O PERRUQUEIRO DO VENTO

Todo o mundo tomaba aquel home por tolo, e quen non o ía facer? Era un home que ía vestido de cores dicindo que o vento era coma o cabelo dunha rapaza. Estaba convencido de que o vento se podía peitear e, coa experiencia e un pouco de sorte, ata se podería moldear ao teu gusto.

Aos nenos pequenos gustáballes xogar onda el, era un gusto poder xogar preto dun adulto que en vez de rifarlles lles contaba trolas.

Aquel estraño home utilizaba o vento, non só como xoguete, senón como ferramenta para todo, parecía que non podía vivir sen o vento. Os días de verán que non ía vento quedaba sentado sen facer nada, como se perdese a súa alma.

Había na vila unha nena que sentía moita curiosidade por aquel ser. Ao principio non se atrevía a falar con el, pero despois duns días armouse de valor e preguntoulle quen lle ensinara a xogar con vento.

O home non respondeu, simplemente a colleu da man e levouna aos prados de alí cerca. A nena estaba algo asustada pero pronto se deu de conta de que estaba a punto de aprender a peitear o vento.

O home mostroulle a cantidade de cousas que se podían facer con vento. O primeiro que fixo, que foi o que máis lle gustou, foi aprender a colocar diferentes materiais e escoitar como soan con vento, coma se fosen instrumentos musicais.

A partir daquel día aquela rapaza vía aquel home diferente, e pasara as tardes peiteando o vento como el lle ensinara.

NA FESTA DA MIÑA ALDEA

O señor Ramón traballaba duramente co carro percorrendo as festas por todas as aldeas.

Dunha volta, un ano, na festa da nosa aldea estabamos todos os mozos axudándolle a montar o posto, uns coas mesas, outros cos bancos, outros coa bebida... Así ata pechar a tarde calorosa dun mes de xullo ardente. O señor Ramón, moi boa persoa, por certo, pero algo amarradiño tamén, despois de traballar toda a tarde sen parar nin sequera nos dera de comer nin de beber. Pero a todo santo lle chega o seu día. A boa nova para nós foi cando tivo que marchar a buscar máis mercadoría, xa que alí quedaba toda clase de bebida.

A miña amiga Henriqueta, cansadiña, sentou enriba dunha caixa de refrescos, inmediatamente tivo unha grande idea e dixo en voz alta:

–Imos beber, que ben o temos ganado.

Xuntámonos arredor de quince mozos e mozas e estivemos bebendo placidamente dos refrescos que alí tiñamos. O problema ía ser agochar as botellas e as caixas baleiras, pero alí estaba Anselmiño, que aínda que non era bo estudante, para o malo sempre tiña boas ideas, subido no alto dunha das mesas dixo:

–Escoitádeme todos! Temos que poñer as caixas baleiras no medio das cheas para así ocultalas do señor Ramón.

Non se falou máis, deseguido o fixemos.

Cando chegou o señor Ramón non tardou moito en decatarse. Xuntounos a todos os mozos e mandounos sentar nunha mesa. Sorrindo, díxonos:

–Nunca vos esquezades que para facer o cego hai que ter moita vista.



II CERTAME DE RELATO CURTO · II CERTAME DE RELATO CURTO · II CERTAME DE RELATO CUI

CATEGORÍA DE
BACHARELATO



ARELATO · BACHARELATO · BACHARELATO · BACHARELATO · BACHARELATO



GAÑADOR NA CATEGORÍA DE BACHARELATO

RICARDO RODIÑO BALBOA

2.º curso, IES Vilalonga (Sanxenxo)

MEMORIAS DA GUERRA

«Camiño entre os cascallos e contemplo o caos que se abre ante min. O fume das fogueiras cobre o ceo e as cinzas caen coma neve sucia dificultando a respiración e entorpecendo o paso dun Jeep Willys que fai a súa rolda. Óense berros, choros e, ao lonxe, disparos.

»Nas cidades que acaban de caer encontrar refuxio non é doado, e polas mañás sempre se atopa algún corpo frío, inmóbil baixo as cinzas. A comida escasea e a xente está desesperada. Aínda que a maioría das mortes son provocadas por este novo inverno, non é estraño ver alguén cunha bala na fronte, un coitelo nas costas ou a cabeza rota. A cidade converteuse nunha loita constante pola supervivencia na que os grupos pequenos tenden a facer gardas para evitar os roubos.

»Por outra banda están as casas-búnker do outeiro. Polas noites nelas vese luz, unha luz que acrecenta o rancor destas xentes cara a aquelas persoas que si puideron pagar un lugar seguro e non avisaron o cidadán de a pé do que lles viña enriba.

»O goberno chama á colaboración e á solidariedade nesta difícil situación, mais numerosas revoltas civís seguen estalando en diferentes puntos do país. Quen ía imaxinar que aquelas primeiras mutacións na fauna do río Clain traerían tales consecuencias?»

Cansado, apaguei a radio e mirei pola fiestra. Pronto escurecería, e algo no meu interior me dicía que aquela non ía ser unha noite coma as demais.

M.^a GUADALUPE CASTRO GONZÁLEZ

2.º curso, IES A Xunqueira II (Pontevedra)

O NOSO MUNDO

Lémbrome dunha tarde de decembro na que estabamos tumbados na herba.

Contaba as follas daquela cerdeora e as illas pardas da túa pel.

Vía os paxaros voar por enriba das nosas cabezas.

«Parécese ao noso gato». As túas palabras formaban unha sinfonía xunto ás pingas de auga que batían no frío chan de pedra.

O aire primaveral agarimaba o meu rostro e abalaba os teus cabelos, finas mechadas rubias que se camuflaban entre a luz daquel solpor de mediodía.

–Ves aquela nube? Parécese ao noso gato.

«Se nós non temos gato», pensei. O meu mecanismo de razoamento lóxico non comprendía as túas palabras, pero, a pesar de todo, eu sorría. Aínda que pensase que vivías na lúa e aínda que non comprendese as túas palabras, eu sorría. Porque si, porque grazas a ti era feliz.

Pero agora compréndoo todo.

Claro que tiñamos gato. Todos os gatos eran o noso gato. Todas as rúas eran a nosa rúa e todas as cancións a nosa canción.

O mundo foi noso, un conto sen fin.

Viviamos nunha fantasía de cores, de raios de sol, de frío, de cereixas, de papaventos morados...

Viviamos na nosa fantasía, miña e túa, túa e miña.

En verdade, ti vivías na nosa fantasía mentres que eu vivía no noso mundo. No meu mundo. No mundo real.

Pero xa non vou volver máis aló.

Agora vexo a esencia do mundo. Sinto o azul do ceo. Escoito a dozura do chocolate, tan parecido ao recendo dos teus bicos...

Certamente, gustárame descubri-lo antes.

Antes de que marchases.

LORENA COUSELO GARCÍA

2.º curso, IES A Xunqueira I (Pontevedra)

FUME

A miña nova vida comezou aquel día. Aquel día de chuvia, típico do clima de Galicia. Estaba na miña clase, non sei se quedara durmido ou se me desmaiara, pero o caso era que non había ninguén, nin os meus compañeiros, nin o profesor. Non podían esquecerse de min. Se foran a algún lugar espertaríanme. Saín da miña clase e fun por todos lados: á cafetería, á aula de profesores... Un pouco máis tarde, ao non encontrar a ninguén, atrevínme a abrir as portas de todas as clases para finalmente ter claro que todo o mundo desaparecera. O peor era que non había ninguén por ningún lado, non falo só do colexio, senón que polas ventás non se vían transeúntes nin coches pasar. Decidín usar o teléfono do colexio pero non funcionada e advertín que as luces estaban apagadas e tampouco funcionaban.

Fun camiño da miña casa preocupado pola posibilidade de non encontrar a ninguén. As rúas estaban desertas e silenciosas, só se oía o vento e a chuvia chocar contra o chan. Non podía ser que todo o mundo se esvaece sen máis. Cando estaba a punto de chegar deume a impresión de oír alguén camiñar, polo que comecei a correr, por se conseguía alcanzalo, pero ao xirar na seguinte rúa non había ninguén. De súpeto, alguén me suxeitou polas costas. Armeime de valor para xirar a cabeza, para saber quen ou que era o que me estaba a agarrar.

NATALIA FERNÁNDEZ RODRÍGUEZ

1.º curso, IES A Xunqueira II (Pontevedra)

SOUTO, XABIER SOUTO

Estaba a ser noticia na páxina catorce do xornal. Podía verse a miña foto, na que saía fachendoso e con certos aires de grandeza. Na parte inferior, o meu nome: Xabier Souto Crespo, Criminólogo de Vigo.

Ese son eu, sen dúbida ningunha. Ultimamente adquirira un gran prestixio e recoñecemento, e quen o ía pensar cando nos meus inicios era un simple axudante na Comisaría de Lalín. O meu auxe veu cando conseguín un posto na Comisaría de Vigo. Dende aquela, a xente comezara a verme con outros ollos, mesmo o meu xefe me puña ao mando dos casos máis importantes. A propósito disto, estaba baixo a miña responsabilidade a resolución dun asasinato e a xente agardaba con incerteza hipóteses, o que propiciaba que no meu móbil non deixasen de entrar chamadas do xefe...

–Dígame.

–Inspector Souto?

–Si, dígame, xefe. –Agardei un intre pero non respondía—. Xefe? Segue aí? Merda! Cortouse.

Debín pór a tele para despxear, pero en cuestión de minutos petaban na porta. Asoimeime á fiestra e vin o meu xefe. Pensei: «Raios!, este traballo non ten paraxe!».

Convideino a pasar. Notábao especialmente serio e asalteino cunha pregunta:

–Que o trae por aquí xefe?...

–Pedro, temos que falar –dixo serio e cortante.

–Pedro? Que di, xefe? Son Souto, Xabier Souto. Que está a pasar?

–Pasa que non es Xabier. Pasa que tiveches un accidente e dende entón cres ser outra persoa.

–Está dicindo que estou tolo?

–Non, Pedriño..., é só que...

–Deixe de chamarme así! De todos menos de vostede esperaba eu isto. Se aínda fose vostede coma eses papáns da comisaría aos que corroe a envexa...

–Pedro, que non son o teu xefe. Son o teu psiquiatra e levo meses tentando que comprendas que ti non es Xabier.

DAVID GÜMIL VÁZQUEZ

1.º curso, IES Vilalonga (Sanxenxo)

CRUEL VIDA

Hoxe é xoves, un día da semana coma outro calquera. Levántome cedo, como de costume, e doulle un bico á miña muller antes de marchar ao traballo. Un día normal na miña feliz vida. Así que saio da casa, e vou de camiño ao meu posto de traballo. Colócome e empezo a miña tarefa. Cacarexo. E ale!, por hoxe acabei a tarefa, así que me dispoño a marchar para a casa. Pero, que é iso? Por que a vella da casa se achega a min?

Cando recuperei o sentido estaba a puntinho de ser degolado. Si, parece que eu era o seguinte despois da semana pasada tocarlle ao meu amigo Gonzalo. E agora estou eu aquí, a punto de pasar a outra vida. Que vai pensar a miña muller? E o pequeno? Non podo pensar que non os vou ver máis. Agora vou ser o prato principal dunha comida familiar, ou sexa, o ideal. Teño medo.

A vella estase a achegar co machado, polo menos a morte vai ser rápida. Só espero que non me decate de nada. Unha mestura de recordos estame a pasar pola cabeza. O día que coñecín a miña muller, a pola Manola, o día que naceu Pepiño, cando me fixen quen de plantarlle cara ao machista galo Paco, ou aquela vez que me encarei co raposo e fun quen de escapar das súas fources... E agora, agora estou apunto de morrer dun tirón. Sempre preferín ser un gato, eses sonche os mimados. Que hei pensar? Que me vou reencontrar coa miña nai no ceo? Posiblemente, despois de que a pobre fose usada para pastillas de Avecrem. Só espero que eu sexa un manxar, non un cutre polo.

Ala! Xa vai levantar o machado. Adeus mundo. Cruel, cruel vida do galo.

MARCOS LAGO PISO

1.º curso, IES Manuel García Barros (A Estrada)

E NON QUEDOU NINGÚN

Fume. Ese cheiro que, aínda que resultaba estraño ao principio, xa lle era moi familiar, máis incluso ca o da muller que deixara na casa.

Tiros. Eses ruídos que, aínda que ao principio o asustaban, agora só indicaban canto lle quedaba de vida, coma un reloxo co seu tictac incesante.

—Avanzade! —escoitou, e o seu corpo moveuse instintivamente. Saíu da trincheira, rifle en man, e xunto a el saíron os seus compañeiros, co sargento á cabeza. Marcharon cara ás liñas inimigas, mentres chovía lume, metal e sangue, e o ceo estaba oculto pola néboa. Cada vez que avistaban un inimigo, matábano. Un inimigo, un disparo, un morto. Sempre o mesmo. Cando deixou de sorprendelo a morte, de causarlle terror?

Chegou un momento no que o grupo se separou e atopouse no medio do campo de batalla só, apertando o gatillo de forma mecánica. Un, dous, tres... Xa perdera a conta dos mortos que levaba.

Os cadáveres caían ao chan, tinguindo a terra de vermello, e pronto se decatou de que xa só quedada el no lugar onde se atopaba.

De súpeto, apareceu unha figura entre a néboa, e cando o viu, o descoñecido baixou a súa arma. Non obstante, el disparou. Varias veces. Ata baleirar o cargador. Recargou. Apareceu outra figura. Repetiu o proceso. Unha vez. E outra. E outra. Cando se lle acabaron os cargadores sacou o coitelo. E volveuno repetir ata que caeu ao chan. Tocou o peito. Estaba sangrando; disparáranlle por detrás.

Mentres o mundo se afundía na escuridade, el puido escoitar unhas últimas palabras do seu asasino.

—... Un traidor. Matou o seu pelotón. Deixade que podreza; merecía.

Así que fora nese momento cando deixara de sorprendelo a morte, de causarlle terror. Fora cando se volvera tolo.

SARA PAZOS MARTÍNEZ

2.º curso, IES A Xunqueira II (Pontevedra)

E ENTRE LIÑA E LIÑA, UNHA MAN AMIGA

Sempre atopei un recuncho onde toparme a salvo nos días de choiva, e frío, e vento, e sombra. Sombra que sempre está preto, vixiante tras os muros que me agochan nos meus adentros, iluminando e salpicando claridade a estas tardes tristes de melancolía. É probable que nin sexa merecedor das leves faíscas que deixan intuír os rumbos aos que me leva o asfalto, que o pecado que aínda late na miña conciencia turbe os meus ollos claros e eclipse o arrepentimento que neles fica. Pero, mentres tanto, nas miñas tenues liñas negras, mostro o que entre pupila e pupila se agocha, o que non deixa saír máis ca unhas cantas penas molladas. Pode ser que aquel home que quedara retido nalgunha estación perdida atope, dentro de si, unha estela que o guíe a un novo mañá ao que atreverse a mirar con soberbia e desdén. Que poida arremeter contra a indiferenza que palpa nos ollos da xente, que poida saír a pé coa axuda que lle brinda a escritura e escape desta plataforma onde quedou estancado polo vai e vén da vida. Pode ser que, algún día, non nin de choiva, nin de frío, nin de vento, nin de sombra, alguén atope un anaco das miñas vivencias nestas suaves brisas tinguidas. Un raio de luz que, en forma de pluma negra, me fai compañía.

PATRICIA PÉREZ DOMÍNGUEZ

2.º curso, IES Vilalonga (Sanxenxo)

SÍNTEO

Unha vez máis inténtalo porque o fácil é renderse, pero a vida non é así. Logo lembrás o que eles che dicían. A ira invádete. Que non podes facelo? Esperade e xa veredes. Fareino, non porque sexa a mellor, senón porque traballo e poño a miña alma niso.

É difícil comezar, ás veces equivócaste e borras todo. É mellor outro tema, outra idea... Cando o tes, continuar é fácil aínda que ás veces parece moi complexo, e preguntáste: «Agora que fago, que digo?». Pero pronto se resolve todo.

Logo chega o que che parece imposible, a final. Como rematar, é demasiado longo, demasiado curto. Quizais está ben, como sabelo. O que che importa é que quen o vexa e o lea o sinta. A dificultade, a desesperación, pero ao mesmo tempo a emoción de escribilo. O simple desexo de que quen o lea por un intre só pense nela e non nas dificultades da vida. Porque á fin e ao cabo, por que escribir se non é para fuxir por un instante do noso mundo e viaxar lonxe ata outro para fundirnos nel e sentir coma se fósemos outra persoa?

Este é o fin dun relato, dunha historia que, como todo, ten un principio e un fin. Porén, onde algo acaba, outro comeza.

Así é a vida.

ALBERTO RIVEIRO COSTAS

1.º curso, IES Frei Martín Sarmiento (Pontevedra)

NOITE DE VINGANZA

A lúa iluminaba as rúas escuras e molladas da cidade mentres se reflectía nos charcos formados pola tormenta que amainaba pouco a pouco. Os ladrados dos cans e o ulular dos bufos resoaban a pesar da choiva agora sen forza.

Non moi lonxe da maxestosa praza que se situaba no centro da cidade cinco homes, con roupas nada apropiadas para o lugar onde estaban reunidos, charlaban mentres esperaban, montados en cadanseu cabalo, a quen alí os reunira. Uns minutos máis tarde acercábase unha carruaxe tirada por dous cabalos negros da que baixou un home de aspecto poderoso. Contemplou os cinco ladróns de gando, contratados por el mesmo para que fixesen o traballo sucio.

Todos semellaban desapiadados, especialmente o que parecía ser o líder, con eses dentes negros e mais ese alento nauseabundo que cheiraba a whisky. O home da carruaxe achegouse a el e, sen mediar palabra, entregoulle un anaco de papel. O líder abriuno e botoulle unha ollada rápida baixo a atenta mirada do resto da banda, salvo o máis baixo, entretido en quitar, cun coitelo, restos de comida de entre os dentes.

O ladrón mirou o home, asentiu, quitou o sombreiro, meteu o papel dentro del e, sen dicir nada, emprendeu a marcha, levando tras de si a toda a súa banda.

IRIA TARRÍO PAZOS

1.º curso, IES Torrente Ballester (Pontevedra)

OUTONOS E OUTRAS LUCES

(a Ángel González)

O ceo azul de febreiro era pornografía.

O ceo azul de febreiro era pornografía culturista, pornografía de cor branca, de cor pálida. O ceo azul de febreiro non deixaba nada á imaxinación. E a onde fuxir cando a luz inchaba de verdade a evidencia, as marcas da pel que a luz tenue de outubro tapara con cores alaranxadas dos farois da zona vella, agora expostas, como feridas internas? Entón nada estaba a plena luz do día: escurecía e eramos dignidade, e os portais de Mugartegui eran grises e laranxas, e a maquillaxe imperfecta perfeccionábase baixo a escaseza da luz, que permitía un campo de actuación.

«É unha gran película, e mellor persoa».

Así me presentabas en outubro, cando podía levar abrigos longos que tapasen os brazos pálidos e escurecía tanto que case eramos mellores películas que persoas, que podíamos crearnos como personaxes literarios, baixo a luz alaranxada de novembro.

Pero o ceo azul de febreiro era pornografía, e non podía fuxir da vergoña, da vergoña que era a evidencia. A realidade. A cara devastada pola acne, a pel flácida propia do inverno, o mal gusto, a carencia da arte no ceo, na luz pálida.

Ás veces acendías luces pálidas e mirábasme, e eu quería fuxir.

E quería outono (e outra luces, recordas?) para poder mirarte. Pero hai luz ás sete e non é suficiente para saír, e a ansiedade, e saes e volves e Praza España é un escenario e estou espida e ferida ante a xente que pasa.

Pero a dous cigarros de Praza España estaba a biblioteca, a última saída, e fuxín finalmente e, logo, expirei.

E para converter a pornografía en caricias nas costas espidas, en sensación quente dos teus brazos, estaba claro, non? Ti nunca o soubeches, pero para iso servía a poesía.

JENNIFER VÁZQUEZ VIEITES

1.º curso, IES Ramón Cabanillas (Cambados)

AMOR FUGAZ

Como esquecer o día que te coñecín? Odieite ao momento. Pero como non odiarte se entraches pola porta da miña casa con ese aspecto de neno mimado, mirando con superioridade a todos os que alí nos atopabamos, con ese sorriso arrogante que aínda hoxe non abandonas e polo que tantas veces te maldicín? Aínda non dixeras nada e xa sabía que non te soportaba.

Recordo tamén o estremecer do meu corpo cando me miraches a primeira vez, ao principio como aos demais, e logo con algo máis na túa mirada. Desexo quizais? Non o sabería dicir, pero fíxome detestarte aínda máis.

E a primeira vez que me bicaches, non sei de onde saquei tantas forzas para non che arrincar a cabeza polo teu atrevemento. Pero o certo é que... me gustou que o fixeses. Non foi o meu primeiro bico, pero si o máis intenso. Acurráláchesme nun recuncho e pegaches o teu corpo ao meu. Podía sentir a calor que desprendías, os teus brazos rodearme e apertarme forte contra o teu peito. Percorréronme moitas sensación distintas.

Foi coma un efecto dominó que desencadeou no feito de que estea escribindo isto. Ti comezaches buscándome e eu non puiden evitar seguirte e namorarme. E xa me ves agora, non podería vivir sen ti, sen os teus brazos, sen os teus bicos, sen a túa voz agradando os meus oídos. Pero ti deberás aprender a facelo.

Terás que vivir sen min o resto da túa vida. En breve desaparecerei da túa vida e deste mundo. Supoño que ese era o meu destino: desaparecer coma unha estrela fugaz, simplemente tiña que ser así. Podemos botarlle a culpa ao cancro, tanto me ten. Agora non me queda outra que despedirme de ti para sempre. Non me esquezas, eu non o farei xamais.



II CERTAME DE RELATO CURTO · II CERTAME DE RELATO CURTO · II CERTAME DE RELATO CUI

CATEGORÍA DE
ADULTOS



JLTOS · ADULTOS · ADULTOS · ADULTOS · ADULTO



GAÑADOR NA CATEGORÍA DE ADULTOS

ROBERTO ANTÓN SANTIAGO

CEIP Álvarez Limeses (Pontevedra)

AGÁS EL

Levaba demasiado tempo diante do seu caderno de notas debullando os miolos ata que, de súpeto, se decatou de que xa non tiña nada máis que escribir.

Pechou o caderno, pousou a estilográfica e vagou pola casa enxoito, esgotado, decepcionado.

Pasaran anos desde que comezara a redactar a súa obra mestra, aquela que o afastaría definitivamente do esquecemento e que o alzaría ao lugar que lle correspondía.

Mirou ao lonxe, bandadas de estorniños voaban nunha danza preciosa, estirábanse e encolíanse coma acordeóns xigantes, creando formas imposibles no ceo. Semellaba un milagre que non batesen uns cos outros.

Abriu a billa e deixou manar auga fresca, empapou as mans e mollou a fronte. Caeu na conta da beleza das gotas que esvaraban sixilosas, naquel vello balde de latón.

Escoitou o silencio por un intre, ata que o ar comezou a mover con forza as follas dos bidueiros que caían paseniño no chan enlamado.

Ía frío, achegouse á calor da lareira e fixou a súa mirada no lume inquedo, vigoroso, apaixonado.

Semellaba que todo o que estaba arredor del cumpría a súa función, estaba en orde, era sinxelamente belo.

Agás el.

Volveu ao seu escritorio, abriu de novo o seu caderno de notas.

Todas as follas estaban en branco.

ISABEL BARREIRO QUIBÉN

CEIP Álvarez Limeses (Pontevedra)

HEROÍNA

Era o xogo que facía desde que era unha cativa. Empezara como algo instintivo, case de autodefensa. Cando saía á rúa sentíase tan pequexiña e vulnerable diante de toda esa xente tan grande andando ás présas que tiña medo de ser estrullada por eles. Foi así como comezou. Da man da súa nai camiñaba e non lle quitaba ollo á xente que pasaba e se cruzaba con elas, deste xeito podía esquivar un empurrón, adiantarse a un encontrón. A medida que o seu tamaño aumentaba, tamén cambiou a forma de observar a xente. Xa o podía facer dun xeito máis relaxado, deleitándose nun artefacto que levaba aquel home na man ou no peiteado con laciños que levaba unha nena que ben podía ser ela.

Xa feita unha moza, converteuse nun enredo con trazos de estudo sociolóxico. Adoitaba saír á rúa con esa sensación excitante de ver que lle depararía o xogo ese día: uns enfrascados nos seus problemas ou tarefas, outros centrando o seu obxectivo coa mirada fixa no destino que os agardaba, outros, inseguros, mirándose a si mesmos por se tiñan algo que corrixir. Tamén atopaba os soñadores, coa mirada perdida, mesmo esbozando un sorriso xerado por un pensamento propio. O mellor era que a maioría non se decatara de que estaban sendo observados, e esa sensación de poder, de sentirse invisible e polo tanto capaz de inmiscirse nos segredos da xente, case como un heroe de banda deseñada, era o que máis lle gustaba e a excitaba.

Por que lembrarse dese xogo agora? Sentía a mesma sensación de ver sen ser visto, pero contrariamente ao que lle pasaba tantos anos atrás, non era unha sensación agradable. Era invisible de novo, pero xa non sabía como facer para que a visen.

M.^a LUÍSA COSTAS RIAL

IES Frei Martín Sarmiento (Pontevedra)

UNHA CARTA POR SAN VALENTÍN

Embargada pola nostalxia, sentada diante da súa vella Olivetti lettera 22 (nunca se adaptara ás novas tecnoloxías do século XXI), María dispúxose a escribir: «14 de febreiro». Suspirou. Nunca antes escribira unha carta de amor, pero para todo hai una primeira vez.

A partir dese momento o repenique do teclado era música para os seus oídos, «como nos vellos tempos», pensou.

Tras uns minutos fíxose o silencio. Satisfeita retirou o papel da máquina, releuno, sorriu, meteuno nun sobre e ao día seguinte deixaríao na biblioteca, a carón da caixa de «CONCURSO DE CARTAS POR SAN VALENTÍN».

Cando o bibliotecario se dispoñía a realizar o labor de selección de cartas, o sobre chamoulle a atención e con curiosidade mirou o seu contido. Quedou tan abraiado que enmarcou aquela misiva e colgouna na parede. Logo continuou, máis alegre que de costume, coa tarefa de atopar o gañador dese ano. Dende entón, nesa biblioteca pódese ler:

14 de febreiro

*Querido Amigo:**Despois dunha vida xuntos cómpre facerche saber o que sinto por ti, se é que non te decataches.**Contigo aprendín máis dunha palabra de amor, agochados baixo as mantas esperando non ser sorprendidos por miña nai.**Compañeiro infatigable de andainas e aventuras, fixéchesme rir, chorar, aprender, emocionarme, deleitarme, enfadarme, pasar medo... pero, a pesar de todo, sempre estás aí, sen queixarte.**Agradezo o teu apoio incondicional e palabras de ánimo cando non tiña forzas para continuar, a túa tenrura cos nenos no conto de "boas noites", a túa compañía nos meus desvelos... Teño que recoñecer que sen ti a miña vida non tería o mesmo sentido: dalgún xeito, complétasme. É máis, como canta Luís Miguel: «se non existises, eu inventaría-te».**Por todo isto e moito máis, ámote, querido libro, ou debería dicir queridos libros?**Sempre vosa,
Unha amiga*

MARCIA FERNÁNDEZ ESTÉVEZ

CEIP A Xunqueira I (Pontevedra)

UN REGALO, DOUS SENTIMENTOS, TRES XERACIÓNS

Era véspera do día de Reis. Xesús non sabía que mercarlle ao seu pequeno.

No Nadal xa lle regalaran todo o que pedira. A verdade é que o meniño tiña de todo. Que lle fará ilusión a un neno de seis anos ao que, entre avós, tíos e un señor barrigudo xa lle deixaron medio catálogo de xoguetes?

Xesús ía conducindo cara ao centro da cidade. Xa lle acordaría algo. Comezou a lembrar o día de Reis de cando tamén tiña seis anos. Que nervios! Eran catro irmáns que vivían nun pobo galego da montaña. Estaban impacientes agardando o amencer.

Xesús era o terceiro dos irmáns, pero foi o primeiro en espertar. Correu cara ao belén que montaran un mes antes. E alí estaban os regalos. Eran coma catro táboas envoltas. Polo menos non sería roupa. Buscou o seu e abriuno axiña. Nunca tal decepción sentira. Era un cómic. Un cómic! Tanto como desexara un xoguete: un camión de madeira, un tractor, un peón. Pero xamais un cómic. Que tristura. Seus pais, cun sorriso satisfeito, comentaban: «Seica lle gustou ao meniño». Pero non. Xesús non quería velos tristes. Sentou e comezou a ler.

O seu pequeno endexamais tivera un cómic. Tiña libros, moitos libros, pero non era o mesmo. Pois si. Decidiu mercarlle un. E así fixo.

Chegou a mañá de Reis. O pequeno Susiño saltou da cama coma unha chispa. Sabía que tería regalos dos Reis, pero tamén algún de papá e mamá. Correu para ver o que lle deixaran. Cando abriu o primeiro... Que sorpresa! Un cómic? Susiño daba saltos de alegría. Era xusto o que pedira.

Curioso, pero días antes, seica o seu avó paterno lle contara que un día o seu pai fora moi feliz o día que lle regalaran o seu primeiro cómic.

LINO FERNÁNDEZ GARCÍA

IES de Pontecaldelas

O CONCURSO

Seica semella que as cousas sempre foran así. Chegados a este punto non me queda máis remedio que seguir coa farsa e facer aquilo para o que fun contratado: teño que presentarme o concurso, lucir as miñas habilidades para engaiolar o público e gañar; porque diso se trata, se non gaño non poderei devolver todo o que me deron para chegar ata aquí. Teño moitas posibilidades, os outros candidatos, certamente, son bos actores, capaces de conmover e facer chorar os telespectadores ávidos de sentir emocións; capaces de mentir cunha sinceridade feita de moita práctica, pero fáltalles iso polo que eu fun escolleito polos meus «patrocinadores», o carisma, o xeito de facer que pareza que todo o que dis é importante, aínda que sexa falar do tempo ou dun gran que tes no cu. Pois si, eu teño carisma, pero non imaxinaba como me afectaría a popularidade, nin a mirada dos nenos sometidos á escravitude da pantalla, crédulos de que canto sae da miña boca se converta no seu futuro prometido. Non calibrei a responsabilidade de ser a imaxe dunha montaxe dirixida a milleiros de persoas convencidas de que este concurso pode ser ben distinto.

A xente sae ás rúas, celebran as etapas preparatorias, viven todos os días pendentes dos programas nos que os concursantes loitamos para gañar máis votos. A ilusión polo desenlace do concurso volveu á sociedade. Levan anos soportando este tipo de representación e agora, a gran final, a votación na que só quedará un, pode supoñer unha revolución histórica dos espectáculos. Nesa votación, que dependerá de quen faga os mellores chistes, quen amose máis enxeño na artellada confrontación diante das cámaras, xóganse o camiño que hai que percorrer durante outros catro anos, cando se celebrará o seguinte concurso televisado, coma este, para elixir o próximo presidente do país.

MANUEL FERNÁNDEZ GARCÍA

IES A Xunqueira II (Pontevedra)

DÍA DE REIS

Saín do cuarto ás agachadas por non presenciar a desesperación de María nin o pranto de Brais. Ao saír do hospital unha labazada de frío colonizou de súpeto a miña face. Pequenas punzadas de aire xeado fixéronme doer a cara. O quente verdor do hospital contrastaba co día gris. Era día de Reis, as rúas estaban baleiras.

Na Ferrería non había máis de dez persoas, a meirande parte nenos estreando balóns e bicicletas. Senteime no Carabela e chamei o camareiro unha e outra vez, pero o langrán pasaba de min, así que continuei camiño.

Cando cheguei á ponte do Burgo sentín un lixeiro esvaecemento e un irracional desexo de tirarme ao río. Abandonando tan suxerente idea continuei o paseo cara ao norte. Unha morea de xente entraba en Pasarón, e alí foi Vicente, con quen ía a xente. Non lembro como rematou o partido. Eu continuei alí ata que se fixo de noite. Xa me estrañou entrar sen pagar, pero máis raro foi aínda que ninguén reparase en min cando pecharon as portas.

Sentíame moi canso, así que durmín moitas horas do tirón ata que o sol saíu de novo e fun á Xunqueira ver se aínda había patos. Patos non vin, pero si moita xente facendo deporte. Sentíame moi canso e aproveitei o paso dun piragüista para pinchar na popa da embarcación, o meu Caronte nin se decatou. Xa chegando ao estadio abandonei lentamente a canoa.

Cheguei ao Don José, e coas últimas forzas pedín un café con leite grande. Mentres agardaba, mirei con disimulo o paisano secuestrador do Diario. Empezara polo final, pero aínda así tardou moito en chegar. O último que vin foi a esquela que daba noticia do meu pasamento: D. Faustino Vaamonde Rodríguez finou o día 5 de xaneiro de 2014.

JOSÉ MANUEL FERNÁNDEZ GONZÁLEZ

IES Alexandre Bóveda (Vigo)

UN AMOR DE INVERNO

Dóeme que, ás veces, me teñas de lado e me ignores, que non te lembres de min nos bos momentos, que me apartes ou me esquezas cando nos atopamos con alguén; a nosa relación é moi difícil, pois só pensas en min cando a túa vida se nubra e non ves o ceo nin a luz que tanto botas de menos.

No entanto, neses momentos é cando te aferras a min e son o teu acubillo perfecto, cando recordas que existo e me buscas con ansiedade, levándome contigo a todas partes. É neses momentos cando sinto a túa necesidade de terme contigo, cando sinto os teus aloumiños que tanto ben me fan. O teu contacto fai que me sinta importante e abra a miña alma para ti.

Unha vez viaxamos xuntos por Exipto e aló sempre fomos da man. Que felices fomos! Unhas vacacións que a min me souberon a gloria, cun sol que queimaba, fomos paseando xuntos por primeira vez e non nos separamos nunca, facéndome sentir parte de ti. Era inmensamente feliz! Trátasme con cariño e dozura e dicíame: «Que ben que te trouxen comigo e estamos aquí xuntos! Canta falta me fas!».

Agora, de volta na casa, outra vez condenado á soidade, outra vez no recuncho do esquecemento, sen te poder protexer; dime, por que ser parau-gas é tan triste?

PEDRO LUIS GONZÁLEZ SARDÓN

IES San Tomé de Freixeiro (Vigo)

CARREIRA DE UN

A noite violou a luz do día. Un día que fora coma outro calquera e o son da moeda ao perderse para sempre no sumidoiro o espertou do tronso no que se atopaba. Levaba camiñando por aquelas rúas estreitas e antigas que tan ben coñecía dende a mañá, e decatouse de que xa era hora de volver á casa. Foi entón cando a viu, pegada na esquina da beirarrúa de en fronte. Unha figura que o seguía dende máis tempo do que quixese imaxinar. Ao principio pensou que esaxeraba, que tiña que haber un motivo polo cal seguise os seus mesmos pasos naquelas agora baleiras rúas. Pero non parecía que fose cambiar o seu rumbo e botou a correr rúa abaixo co fin de despistalo. O sospeitoso seguiuno de cerca ata que de súpeto, esfumouse co vento da noite. Chegou á casa, era tarde. Discutira coa súa muller durante o almuerzo, por iso saíra a dar unha «pequena» volta para non ter que discutir con ela unha e outra vez. O seu «xa estou na casa» apenas perturbou o silencio do seu refuxio. Non houbo resposta. Non se preocupou, consolouse pensando que debían estar durmindo todos xa. Os seus fillos pequenos tiñan que deitarse cedo para ir á escola. Entrou na cociña e acercouse ata a neveira. Había unha nota. Colleuna e abriu a porta vella e danada polos anos da neveira para coller unha cervexa. O son desta esnaquizándose contra o chan pareceu non inmutalo. A súa muller abandonáralo. E foi nese mesmo intre no que se decatou de que xa non lle quedaba nada, estaba só. Pero á fin e ao cabo levaba só demasiado tempo como para admitilo. A sombra que o perseguira ganáralle a carreira.

MARÍA TERESA IGLESIAS YUGAT

IES Manuel García Barros (A Estrada)

CATRO CASAS

Coma quen di, catro gatos. Nada. Xa non queda ninguén con quen cruzarse no camiño. Só chegan, polas mañás, a panadeira coa súa furgoneta branca, algúns días o peixeiro, os xoves o butano e, por veces, o carteiro.

Veñen eles. Non vai ninguén. O que máis, cen metros á redonda, o velliño miúdo, engruñado, case cego, paseando o can. Ou é o can quen pasea o amo?

A patroa axexa detrás do portelo. Os gatos buscan a raiola no alto do valo. Xa nin os galos cantan. Non hai galos. Apenas galiñas estresadas no cárcere de arame. As vacas tamén foron desaparecendo, tristes e absurdas, cansas de non ter máis alegrías que parir tras a inseminación. Ata de ir ao boi as privaran.

A fonte, decote aberta, sen o carozo que outrora lle servira de tapón, botando auga que ninguén bebe, correndo cara ao lavadoiro onde ninguén lava.

O brizo e as fentas cobren en parte as pedras, e as algas-limos, verde irto, cobren a pía esvaradía, ensumida pola invasión vexetal.

Poucos sons se deixan oír. Poucos máis ca o vento cando zoa ou o ave, coma un lóstrego, voando fuxidío loitando contra o tempo. Deshumanizouse tamén o tren, agochando o que de humano puidese levar dentro.

A aldea, outrora barulleira, non é hoxe máis que un fogar de anciáns, unha sala de espera para o camposanto.

As casas, catro en pé, tórnanse solermeñamente máis grises e os donos parecen ocupar cadanseu nicho, individual, illado, pechado sobre si mesmo.

FEDERICO LIMERES ARIAS

CEIP Álvarez Limeses (Pontevedra)

O PRÍNCIPE IGOR QUERE IR Á ESCOLA

O príncipe Igor tiña sete anos e quince camareiros de librea e zapato de fibela, cada un coa súa ordenanza específica. O que lle cortaba as unllas non lle peiteaba os rizos da cabeleira, e o que lle servía a sopa con cullerón de prata non o subía ao cabaliño de trote. Nos seus días regalados só había unha sombra: a hora melancólica na que vía pasar os fillos das cociñeiras de palacio ou dos infantés de cabalería de volta da escola e os seus risos enchían de xúbilo o aire do mediodía.

Cando preguntaba por que el non podía ir á escola a resposta do Rei Fuco III, o seu pai, era taciturna e invariable:

–O oficio dos príncipes é reinar.

E para iso o preparaban. O máster de caza, o taller de cetrería, o seminario de esgrima, o obradoiro de tute poxado e o cursiño de iniciación ao minueto ocupaban totalmente as súas principescas xornadas.

Un día ao príncipe Igor debuxóuselle un plan no maxín. Coa complicidade do Gran Camareiro faríase pasar por fillo de muiñeiro, e iría á escola coma un neno máis. Os camareiros encargados de ensinarlle caza, cetrería e demais quefaceres rexios tomarían cada día ao seu cargo, para disimular, a un neno distinto que se faría pasar polo príncipe Igor. Dende palacio non se notaría a diferenza.

Non sabemos a ciencia certa se o complot do príncipe trunfou, porque falta a última folla do incunable do que tiramos a historia, pero nada nos impide imaxinar o pequeno Igor –aínda que os contos modernos non teñen ensinanza– viaxando co dedo polas páxinas do grande Atlas da escola e convencéndose de que a educación é unha aspiración humana que ata os fillos dos Reis teñen dereito a colmar.

MANUEL MELÓN GARCÍA

IES Vilalonga (Sanxenxo)

A REGRA ROTA

Asomouse ao balcón, sentiu a vertixe das multitudes cando aquela masa de seres cos puños ergueitos e as bandeiras esgazadas comezou a pedir que saíse, berrando o seu nome. E, de súpeto, rememorou momentos importantes da súa vida que o levaron a aquel cumio onde a cabeza máis alta ficaba baixo os seus pés, e encheuse de emoción, como cando mandou flaxelar a aquela mendicante miserenta que ousou erguer a vista e ollalo con desprezo; ou como cando aquel estúpido burgués marchou coa moza de nádegas requichadas pola que suspiraba nesas noites de amor solitario, e invadiuno aquela sensación de perda, aquela impotencia de non poder chamar o submiso modormo. Acompañado por dous gardas armados descendeu as escadas de pedra, aquelas que baixaba con ledicia naqueles seráns de cacería. Alguén lle fixo unha reverencia inclinándose diante del, mais esta vez non se amosou fachendoso, baixou a ollada e, franqueado polos gardas, atravesou aquel corredor ata chegar ao exterior do pazo onde aquel enxame de xentes chegadas de todas partes agardaba.

Excelencia, quería seguir sendo Excelencia, porque esa era a regra, porque el era un Grande e aqueles que ouveaban consignas de igualdade e fraternidade parecíanlle os mesmísimos demos esfarrapados chegados do inferno, sen esa divindade que só posúen uns poucos. Así que ficou teso, sentiu algo que lle oprimía os esfínteres cando o empurraron, obrigándoo a poñerse de xeonllos. Aquel frío non era coma a brisa dunha mañá de verán na compañía doutros nobres degustando manxares nunha mesa suntuosa, non; aquel era o seu último grollo de aire e quería aspiralo todo, porque lle faltaba xa cando o verdugo cortou a corda da pesada folla da guillotina.

MANUEL PÉREZ LOURIDO

IES Valle-Inclán (Pontevedra)

O PREZO DO PASADO

Esta historia contouma MW, eu só lle darei un verniz.

Un dos protagonistas é un amigo del chamado Jack, o outro é Ken Griffey Jr., ex-xogador dos Seattle Mariner.

Jack, que rexenta unha gasolinera en Marrero, a 30 km de Nova Orleáns, ergueuse coma un vimbio unha mañá na súa oficina, apagou a radio, pechou a porta e deixou un empregado a cargo de todo. Mentres sacaba o coche, dáballe voltas ao que viña de escoitar.

Ofrecían 1.000 dólares por un cromó de Griffey da súa tempada cos Sox de Chicago. 1.000 dólares por un anaco de cartón que el levou durante anos chantado no gardalama da súa bicicleta porque así podía correr máis. Unha bicicleta que, sabíao seguro, estaba aínda debaixo dunha lona no pendello da casa dos seus pais, a unha hora de alí. Unha bicicleta cara á que voaba agora, na procura dun pasado que viña a bicalo na fronte.

Lembrou as tardes de verán no río, pescando peixe gato e robaliza, moceando, escoitando rock... A cicatriz da man esquerda co garfo do Matt, o día que roubaron unha caixa de cervexas. Díaño, non foron malos aqueles anos, despois de todo. Fixérase el máis ben ao xeito de todos os demais, práctico e convencional, ávido e pequeno.

Cando atopou onde se agochaba a bicicleta, descubriu a lona, esbirrou un par de veces e alí estaba. Un vello cartón de cores esvaecidas polo vento e as choivas, unha esnaquizada gloria da nenez. Reprochouse velo intacto no seu maxín. Era imposible. Eran 1.000 dólares. Cubriu a bici de novo e foi saudar os seus pais, sentíase un chisco máis vello, pero tamén tiña dentro unha sensación estraña. Non era quen de dicir o tempo que levaba sen lembrar a súa infancia. Abrazouse á súa nai cunha fondura inédita.

RAFAEL QUINTÍA PEREIRA

CEIP San Martiño de Salcedo (Pontevedra)

A PIRATA DAS LOURIÑAS

Agardou a que todos estivesen durmindo para erguerse da cama. Non quería que soubesen do seu segredo. Colleu a caixa debaixo da cama e, ás escuras, avanzou polo corredor cara á porta da casa. Baixou amodo as escaleiras, coas catiúscas na man para non facer ruído. Camiñou ata o alpendre e colleu unha laia. Unha lúa comesta vixiaba no ceo coma un facho na noite.

Levaba días pensando onde enterrar o tesouro. Tiña que ser un sitio onde non fose remexer ningúen e cumpría facer un plano para non esquecerse. Os piratas, que diso saben moito, sempre o fan. Se o enterraba na horta podían atopalo ao sachar as patacas. A súa avoa contaba que un día atopara a punta dun raio cavando na leira. Despois de darlle ao maxín decidiu que o mellor era agochalo preto do muro da casa. Alí non iría ningúen.

Dende o alpendre andou en liña recta ata a barrica do sulfato contando 33 pasos. Despois virou á esquerda e camiñou cara á pereira: 50 pasos. Agora cara abaixo outros 25 pasos ata bater co muro. Espetou a laia no chan e cavou un burato.

Abriu a caixiña de lata onde gardaba as súas riquezas, o tesouro da pirata das Louríñas. Así a alcumara o seu avó pola súa afección a xogar con espadas de madeira. Repasou o seu enxoval. Un trompo, dúas bólas, un reloxo sen agullas, unhas cornas de vacaloura, uns botóns de acibeche, un anel de alpaca e unha notiña que puña: «*A pirata das Louríñas, 7 de agosto de 1978*». Cun sorriso na faciana, tapou o burato e correu de volta á casa.

Pola mañá, unha nai cómplice limpaba as misteriosas pegadas de terra que unhas botiñas deixaran polo corredor aquela calorosa noite na que non puidera pegar ollo.

ALICIA RODRÍGUEZ MASSÓ

CEP Campolongo (Pontevedra)

AS BURBULLAS DE MATÍAS

Había unha vez un neno que se chamaba Matías. Tiña un problema. Cada vez que se enfadaba saíanlle burbullas polas orellas.

Era moi molesto cando lle sucedía. Unha vez encheu a biblioteca do seu colexio con centos de burbullas, para desgusto da bibliotecaria, que tivo que abrir as xanelas para que saísen todas, provocando unha corrente de aire que fixo voar varios libros.

Un día ía pola rúa e saíronlle unhas burbullas tan grandes que varias persoas quedaron atrapadas dentro delas.

Ante un caso tan estraño, varios médicos importantes ofrecéronse para facer un diagnóstico, sen chegar a ningunha conclusión. Ningún sabía o que lle ocorría.

Matías continuaba botando burbullas.

Comezou a facerse moi popular. Todos os nenos querían convidalo ás súas festas de aniversarios, ás merendas, a xogar nas piscinas, sempre querían estar con el... Era fantástico!

Tan contento estaba Matías que deixou de enfadarse. Así que un día estaba con todos os seus novos amigos e, de súpeto, pararon as burbullas. Por máis forza que fixo para que saíse algo, o único que conseguiu foi un peidiño.

Pronto deixaron de convidalo. «Que podo facer?», preguntábase todo desanimado. Agora ninguén se acorda de min, co ben que o estaba pasando... Non é xusto, non é xusto...

Empezou a enfadarse de novo e esta vez saíronlle tantas burbullas que se converteron nun mar brillante e suave que foi inundando as rúas da súa cidade.

De súpeto, deuse conta do que lle sucedía. Parecía maxia! Podía controlar os seus enfados e así decidir se quería as burbullas ou non. A partir dese día, Matías foi máis feliz.

JUDITH SOUTO VALIÑAS

CEIP Cabanas (Pontevedra)

QUE A VIAXE CONTINUE

Gústame coller o autobús os días despexados, cando podo sentir os raios do sol reflectidos nos cristais. É un momento de tranquilidade, cada persoa que colle o autobús coñece o seu destino, sabe desde onde partiu e o lugar ao que vai chegar, pode saber a hora e quizais quen o irá buscar. Non fai falla pensar en nada durante o camiño, só é necesario deixarse levar, permanecer sentado e esperar.

Con todo, hai quen utiliza calquera recurso para non aburrirse durante o traxecto, como se considerasen que observar a paisaxe e deixar a mente en branco é algo absurdo e sen sentido. Algúns falan por teléfono durante longos minutos, falan sobre o traballo, futuros plans... Moitos falan coa persoa que os irá recoller, ou que os estará esperando na casa ou en calquera outro lugar. Outros escoitan música como unha forma de evasión, e logo están os que len por pracer ou incluso por traballo ou estudos, seguramente estes son os que mellor uso fan do seu tempo, non deixan as súas actividades persoais nin durante unha viaxe.

Acóllese xente de todas as clases sociais, todas aquelas que así o dispuxeron, e todas en igualdade de condicións, mesmo prezo, mesmos asentos, mesmo espazo a compartir...

Cada un sabe onde vai chegar, antes ou despois alcanzarán o seu destino. Pero eu non sei se alguén virá buscame, non trouxen ningún libro, *i-pod*, revista...

Non teño interese por chegar, o único que me relaxa é mirar cara a fóra e non pensar en nada, apreciar a maxia da paisaxe galega.

Levo feito este mesmo traxecto durante case tres anos e ninguén me veu esperar nunca á estación, ninguén espera que eu chegue ou non.

Quizais sexa o momento de cambiar o destino, pero non a viaxe.

VIRGINIA SUÁREZ IGLESIAS

CEIP A Laxe (Marín)

O TRASNO DO PENEDO

Xan era un rapaz de cidade, pero todos os veráns ía pasar as vacacións á aldea na que se criaran os seus pais. Alí pasaba as semanas máis felices do ano cos seus avós, axudándolles nas súas tarefas e xogando sen preocupacións cos seus curmáns.

Preto da súa casa había unha enorme fraga cunha carballeira no medio. Naquela carballeira situada á beira do río había un gran penedo que escondía debaixo un burato. Xan recordaba que, cando era pequeno, o seu avó lle contara un conto: «Alí no fondo, escondido, vivía un trasno que soamente saía de noite para facerlle cóxegas a quen atopase polo camiño». El nunca o vira, pero agora que xa tiña once anos e se sentía maior, quería ir buscalo.

Aquela noite, antes de durmir, decidírao: mañá será un bo día para descubrir o que agocha aquel penedo. E con este pensamento quedou durmido.

O seu maxín levouno dereito a aquela entrada escura, da que non se vía a fin. Avanzou paseniño coa lanterna na man. Ía tan amodiño que o tempo semellaba non pasar. Ata que chegou a unha parede que parecía o final. Semellaba que non había nada por alí, ou si? Nun recuncho viu unha pequena caixa e foi ata alí con curiosidade. Ao abrila, no fondo había unha folla de papel cunha mensaxe: NIN SE CHE OCORRA ENTRAR.

Co susto que levou case caeu da cama. Tan só fora un soño moi raro, pero sentía tanto medo naquel intre que decidiu que se había algo alí dentro, mellor non sabelo. O seu avó xa lle dixerá moitas veces que aos trasnos non lles gustan os nenos curiosos.

E o trasno acadara o seu cometido. Seguir tranquilo no seu agocho.

FERNANDO TOMÉ RODRÍGUEZ

EEI Crespo Rivas (Pontevedra)

O TESTAMENTO

Abrimos o testamento do avó e atopamos que non deixara nada para ninguén. Todo o que tiña liquidouno nos seus últimos anos de vida no asilo.

Tras unha longa tarde na que ninguén articulou unha verba, porque todas, especialmente as peores, as consumiramos pola mañá no despacho do avogado, alguén propuxo investigar. Os máis escrupulosos abandonaron a casa familiar escandalizados pola proposta. Porén, quedamos tres na disposición de coñecer a realidade.

Cando entramos no edificio quedamos sorprendidos da beleza do lugar e das súas instalacións, cun frondoso xardín de estilo inglés cheo de recunchos nos que pasear, sentarse a falar ou a ler, gozar da natureza e, desde logo, recibir visitas. Ao admirar o lugar os tres nos descubrimos culpables do abandono, pois apenas visitáramos o avó un par de veces, e sempre en inverno e no interior. En recepción xa non tiñamos claro que íamos buscar alí, pois as disposicións do testamento estaban moi claras. Quizais agardabamos que houbera alguén que convencesse o avó nos derradeiros tempos de ser o beneficiario de todo. Así estabamos, entre avergoñados e expectantes, cando apareceu a directora e nos explicou con detalle que naquel asilo non houbera nunca avó, porque el mesmo organizara unha ficción de acordo con dous empregados do asilo para aparecer cando lle anunciaban visitas familiares, moi poucas, por certo. Foi un home libre que viaxou, gozou da súa vellez e acabou cos seus cartos sen remordemento. A risa de Leo, ao meu carón, atronou no patio do asilo onde se enfriaba un café amargo que xa non tomaríamos. A directora, con educación, deixounos por outros asuntos máis urxentes, envolta nun sorriso que seguramente lle encargara o mesmo avó en persoa, el tan bromista.

MARCELA TORRES SUÁREZ

CEP Campolongo (Pontevedra)

ANAMNESE

Coñeceuna sen lembranzas. El tiña unha caixa negra por memoria, almacenaba cada segundo da súa existencia nos seus miolos, ata as pingas máis miudiñas da súa vida. Mais ela era unha constante páxina en branco que decidira deixarse levar polas augas do esquecemento e a vellez. El soubo que recordaría por sempre aquela faciana anciá, cada suco da pel e cada feixe de engurras; soubo que recordaría a súa ollada perdida e desorientada; soubo que recordaría a ausencia dos sorrisos. E aínda así, namorouse. Levaba toda a súa vida gardando solitarias lembranzas que só provocaban dor e agora decatárase de que a súa maldición non era para tanto se tiña alguén a quen lembrar. A ela non lle dera tempo a coñecelo, mais agora que o fixera sentíase morrer ante a certeza de que esquecería aqueles beizos que sempre lle falaban de tempos pasados e que ameazaban con bicala. Así, a amnesia e o esquecemento namoráranse da hipermnesia, das lembranzas, da memoria.

Certo día, ela acordou nunha cama xunto a el. Sentiu un calafrío no corazón ao decatarse de que aquel baldeiro e ermo terreo que fora o seu caltre estaba agora poboado por el, o individuo que respiraba durmido ao seu carón. Mais chegara tarde. El xa quedara sen folgos para recordar e decidira librarse daquel fardo do pasado. Quedara soa coas súas restauradas acordanzas e a crisálide dun antigo amor cravada no peito.

Así foi como o amor fixo que a amnesia comezara a lembrar. E así foi como a dor fixo que a memoria o esquecese todo.

MARÍA PILAR VENCE LODEIRO

CEIP Froebel (Pontevedra)

A POMBA DA PAZ

A pomba da paz morreu. Sóubeno esta mañá, cando saía cara ao colexio. Atopeina na beirarrúa, sabía que era ela pola súa cor branca e porque levaba unha ramiña de oliveira no peteiro.

Cando cheguei ao colexio conteillo aos meus compañeiros, a ninguén lle custou crelo. Pensamos que morrera de tristura, só había que ver o telexornal para entendela. Anos e anos tentando levar a paz por todo o mundo e cada vez había máis guerras e enfrontamentos.

Sen ir máis lonxe, os meus pais non se falan cos veciños, os mestres de matemáticas e inglés non se poden ver diante, ata no súper vin onte dúas señoras pelexando pola quenda na carnicería. Será posible que non poidamos vivir en paz? No colexio estou farta de ouvir falar de tolerancia, respecto... e outras moitas palabras similares que para os maiores non semellan significar nada.

É por iso que os meus compañeiros e mais eu decidimos facer algo. Xa que a pomba da paz non podería facer máis o seu traballo, nós mesmos nos converteríamos en algo así como correspondentes da paz, tentando que arredor de nós non houbera conflitos. Puxémonos en marcha e primeiro falamos cos mestres, que prometeron respectarse, despois marchamos para a casa dispostos a solucionar todo canto problema atopásemos.

Ao día seguinte atropelabámonos para contar o que fixeramos cada un, pero a nosa sorpresa foi cando a mestra nos leu unha noticia do xornal: «Achada a pomba da paz nunha beirarrúa da cidade, o pobre animal estaba esgotado, todo o mundo se pregunta que lle pasou...».

—Está viva! Berramos todos a unha. Descansa! —dixen eu—. Agora xa tes axudantes!

E dende ese día constituímos oficialmente o club da paz, que crece cada día, ao que se suman nenos e nenas de todo o mundo. Queres formar parte del?

ÍNDICE

PRIMARIA	7
Gañador:	
Miguel Bouzas Rodríguez, UN DURO DÍA NO SALVAXE OESTE	9
Yasmina Aguiño González, UN SOÑO MARABILLOSO	10
Marta Alonso Montoto, O PODER DUN ESPELLO	11
Noel Álvarez Fernández, OXALÁ GAÑE ESTE CONCURSO!	12
Lucía Álvarez Pardo, O TEMPLARIO DO SILENCIO	13
José Manuel Amestoy López, A MANSIÓN EMBRUXADA	14
Carolina Amorín González, XOÁN E AS ESTRELAS	15
Uxía Antón Cobas, RUFFUS, O PEIXE PEQUENO	16
Alba Arias Gómez, PELUSILLA	17
Martina Barral Pousa, O IMPORTANTES QUE SON OS LIBROS	18
Noemi Bouzón Otero, O ABETO	19
Miguel Bralo Latorre, VIAXE A PÉ	20
Telmo Bravo Barrio, O DESEXO	21
Miguel Bugarín Peixoto, AVENTURA EN FAMILIA	22
Duna Casal Padín, XAN, O NENO DO SOÑO	23
Raquel Castellano Fernández, A FOCA QUE NON SABÍA NADAR	24
David Chan García, O CHEPUDO DA PEREGRINA	25
Marcos Constenla Durán, A PELEXA POLO PODER	26
Noa da Silva Álvarez, O OSO QUE ROMPEU UN ÓSO	27

Paula Domínguez Barreiro, RIAZOR	28	Martín Sieiro Ferreira, CANDO NUNHA ALDEA (...)	52
Carlos Estévez Suárez, O CORVO E A PEGA	29	Ana Vidal Vilán, ANA E O SEGREDO DA MÚSICA	53
Mariña Fernández Buceta, O PEQUENO ORFO	30		
Candela Fernández Lombar, CASO PEDRUSCO	31		
Fabián Freire San Luis, O PARTIDO GALÁCTICO	32	SECUNDARIA	55
Alfredo García Fernández, OS CONTRATEMPOS DO REI	33	Gañadora:	
David García Ramallal, O PESCADOR DE TESOUROS	34	Eugenia García Magaña, QUEN DI ADEUS NON VERÁ O MAÑÁ	57
Eloy Alberto Lago Cusí, ZOMBIS CITE	35	Ana Carbón Catro, A RAPARIGA DO XERSEI VERMELLO	58
Marta Leiro Costa, LUCAS E OS TRES REIS MAGOS	36	Olalla Castrillo Sánchez, AS RABUÑADAS DO CORAZÓN	59
Manuel Martínez Vilas, OSO DESASTROSO	37	Mirelly Lizbeth Chafloque Ludeña, ENTROIDO	60
Laura Mazoy García, A CLASE DE PRIMERO	38	Julien Fabrice Courcier Cortegoso, AS VERBAS ESCRITAS MATAN	61
Sonia Morgade Camiña, O LADRÓN INVISIBLE	39	Cynthia Fernández Romero, A BONECA DE PORCELANA	62
Lucas Ortins Méndez, O MISTERIOSO TESOURO	40	Sandra Ferreiro García, LAURA E O CONDE	63
Cira Otero Prol, FRÍO OU CALOR?	41	Salvia Iglesias Martínez, QUE VES SE PECHAS OS OLLOS?	64
Irene Pereira Reboredo, A TERRA ESTÁ VIVA	42	Miguel Leiro Grande, LONXE DA CIVILIZACIÓN	65
Sara Pérez Duarte, A CASA...	43	Laura López Rey, DE COMO A MÚSICA ORIXINA MÁIS MÚSICA	66
Óscar Andrés Pérez Hombre, PRIMEIROS DÍAS	44	Javier Martín Espiño, O ESQUECIDO	67
Claudia Quiroga Rafael, O CADRO	45	Natalia Martínez Rodríguez, DIACRONÍA	69
Inés Reirís Chorén, A CASA DAS 999 VENTÁS	46	Tania Neira Iglesias, ESQUECEREITE	70
Irai Rodríguez Fernández, O ARCO QUE PERDEU AS CORES	47	Alejandro Ogando Cortés, ANXOS NEGRO	71
Hernán Rodríguez Iglesias, O OVO DO DRAGÓN	48	Niquea Outeiral Galiano, EU NON SON PARVO	72
Alejandra Rodríguez Seijas, É A MIÑA AVOA!	49	Daniel Enrique Paz Güimil, UNHA MAÑÁ DESASTROSA	73
Iván Ruibal Seoane, A FALSA PANTASMA DO PIANO	50	Fabio Rivas Pardo, O AROMA DA MORTE	74
José Manuel Sánchez Fernández, UN SOCIO MOI PELUDO	51		

Asiel Rodríguez González, O BALÓN MECÁNICO	75
María Rozados Balboa, HISTORIA DE VALENTINA	76
Laura Sánchez Castro, SÓ QUEDOU EL E O MACHISMO	77
Marta Sanmartín Andújar, A CAIXA DA AVOA	78
Sara Santos Novoa, A CARABUÑA DA CEREIXA	79
María Isabel Seoane Míguez, O DERRADEIRO	80
Mónica Silva Vicente, O PERRUQUEIRO DO VENTO	81
Ainhoa Vivel Couso, NA FESTA DA MIÑA ALDEA	53

BACHARELATO 85

Gañador:

Ricardo Rodiño Balboa, MEMORIAS DA GUERRA	87
M. ^a Guadalupe Castro González, O NOSO MUNDO	88
Lorena Couselo García, FUME	89
Natalia Fernández Rodríguez, SOUTO, XABIER SOUTO	90
David Güimil Vázquez, CRUEL VIDA	91
Marcos Lago Piso, E NON QUEDOU NINGÚN	92
Sara Pazos Martínez, E ENTRE LIÑA E LIÑA, UNHA MAN AMIGA	93
Patricia Pérez Domínguez, SÍNTEO	94
Alberto Riveiro Costas, NOITE DE VINGANZA	95
Iria Tarrío Pazos, OUTONOS E OUTRAS LUCES	96
Jennifer Vázquez Vieites, AMOR FUGAZ	97

ADULTOS 99

Gañador:

Roberto Antón Santiago, AGÁS EL	101
Isabel Barreiro Quibén, HEROÍNA	102
M. ^a Luísa Costas Rial, UNHA CARTA POR SAN VALENTÍN	103
Marcia Fernández Estévez, UN REGALO, (...)	104
Lino Fernández García, O CONCURSO	105
Manuel Fernández García, DÍA DE REIS	106
José Manuel Fernández González, UN AMOR DE INVERNO	107
Pedro Luis González Sardón, CARREIRA DE UN	108
María Teresa Iglesias Yugat, CATRO CASAS	109
Federico Limeres Arias, O PRÍNCIPE IGOR QUERE IR Á ESCOLA	110
Manuel Melón García, A REGRA ROTA	111
Manuel Pérez Lourido, O PREZO DO PASADO	112
Rafael Quintía Pereira, A PIRATA DAS LOURIÑAS	113
Alicia Rodríguez Massó, AS BURBULLAS DE MATÍAS	114
Judith Souto Valiñas, QUE A VIAXE CONTINUE	115
Virginia Suárez Iglesias, O TRASNO DO PENEDO	116
Fernando Tomé Rodríguez, O TESTAMENTO	117
Marcela Torres Suárez, ANAMNESE	118
María Pilar Vence Lodeiro, A POMBA DA PAZ	119



Edita:
Federación Provincial de ANPA de Pontevedra (FANPA), 2014
Rúa Alfonso XIII, 3º - 36002 Pontevedra
www.nontedurmas.org

Deseño e produción:
Kalandraka Editora, S.L., 2014
Rúa de Pastor Díaz, n.º 1, 4º A - 36001 Pontevedra
www.kalandraka.com

Ilustración de cuberta: Pablo Otero, 2013

Impresión e encadernación: Gráficas Anduriña, Poio
D.L.:

